



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de outubro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(913).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de outubro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(914).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE RUTAS, PUNTOS DE INTERESE E EXPOSICIÓNS INTERACTIVAS, MEDIANTE O USO DE BEACONS E A SÚA INTEGRACIÓN COA APP VIGO MUNICIPAL E A PLATAFORMA SMART CITY VCI+2.0. EXPTE. 8886/113.

Visto o informe xurídico de data 11/10/19, e o informe de fiscalización do 15/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/19, asinado polo responsable de Modernización e Innovación de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo de Admón.

Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 08/07/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación por procedemento aberto dun “*Sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de beacons e a súa integración coa app Vigo municipal e a plataforma smart city VCI+ 2.0*”.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 09/07/2019 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 10/10/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 28/08/2019 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de tipo mixto de tramitación ordinaria, asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 10/10/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 09/07/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato mixto (servizos e subministros).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é mixto (artigo 18 LCSP), pois comprende prestacións propias dos contratos típicos de servizos -70,6%- (artigo 17 LCSP) e de subministros -29,4%- (artigo 16 LCSP). A prestación que posúe un valor estimado maior é a de servizo, polo que para a adxudicación do contrato deberán seguirse as normas establecidas para o mesmo. A forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de tipo mixto e de tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun “SISTEMA DE XESTIÓN DE RUTAS, PUNTOS DE INTERESE E EXPOSICIÓNS INTERACTIVAS, MEDIANTE O USO DE BEACONS E A SÚA INTEGRACIÓN COA APP VIGO MUNICIPAL E A PLATAFORMA SMART CITY VCI+ 2.0”

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e asinado en data 10/10/2019

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 27/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **96.800,00 €**, que inclúe un IVE de **16.800,00 €**, dende o 15 de Outubro de 2019, o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2019	11.280,99 €	53.719,01 €	65.000,00 €
9207.6400006	2020	5.519,01 €	26.280,99 €	31.800,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(915).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A “ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO IAE E XESTIÓN DA PLUSVALÍA”. EXPTE. 8816/113.

Visto o informe xurídico de data 3/10/19, e o informe de fiscalización do 14/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 8/10/19, asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o



Concello de Vigo

concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

1. En data 26/04/2019 iniciouse o expediente coa finalidade da contratación do servizo para a “Actualización dos aplicativos de Xestión do IAE e Xestión da Plusvalía”
2. No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:
 - Informe xustificativo da necesidade e idoneidade, asinado pola Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo Xefe de servizo de Administración electrónica, co conforme do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal
 - Resolución de inicio de expediente de contratación, asinado polo Concelleiro Delegado de Xestión Municipal na data 10/06/2019.
 - Prego de Prescricións Técnicas particulares, asinado en data 11/06/2019 pola Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo Xefe de servizo de Administración electrónica
 - Memoria xustificativa do contrato, asinada en data 27/09/2019 pola Adxunta ao Xefe do. Servizo de Admón. Electrónica e polo Xefe de servizo de Administración electrónica, co conforme do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal nesa data.
 - Informe do Servizo de Contratación, asinado en data 23/08/2019 pola Técnica de Administración Xeral, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
 - Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación polo servizo do procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación, en data 30/09/2019.

Normativa de aplicación

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

Fundamentos de Dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia foi delegada nos concelleiros de Área mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 19-06-

2015 (vixente no momento de inicio deste expediente), e actualmente no acordo da XGL de data 20-06-2019.

O Concelleiro delegado de Xestión Municipal na data 10-06-2019, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario, coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a “Actualización dos aplicativos de Xestión do IAE e Xestión da Plusvalía”.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado en data 30/09/2019 pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares, asinado en data 11/06/2019 pola Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo Xefe de servizo de Administración electrónica.

CUARTO.- Autorizar o gasto de **89.999,80 €**, que inclúe un IVE de **15.619,80 €**, dende o 15 de setembro de 2019, e que se imputará á seguinte partida:

Partida	Exercicio	Base	IVE.	Importe total
9207. 6400002	2019	74.380,00	15.619,80	89.999,80 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(916).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA” EXPTE. 664/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/10/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo Excmo. Alcalde que di o seguinte:

Mediante acordo plenario de data 27/07/2006, o Concello de Vigo acordou a súa adhesión á “Red Española de Ciudades por el Clima” de la FEMP, coa finalidade, entre outras de compartir modelos de desenvolvemento sostible con outras cidades españolas.

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **proposta**:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na “Red Española de Ciudades por el Clima” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) pola concelleira-

delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D^a Nuria Rodríguez Rodríguez, como representante política e polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, D. Secundino Otero Faílde, como responsable técnico.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á concelleira designada, á “Red Española de Ciudades por el Clima” da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), ao xefe do Servizo de Medio Ambiente e demais persoas ou servizos implicados.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(917).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN Nº 8/2019). EXPTE. 12383/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/10/19, asinado polo letrado xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Relación nº 8/2019

Tiveron entrada na Asesoría Xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Civil. Expediente nº 10749/111

Sentenza nº 213 do 30 de setembro de 2019

Xulgado de Primeira Instancia nº 13 de VIGO

Ordinario: 468/2017

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Declaración das parcelas 84 e 90 do Polígono 17 como parte integrante e inseparable do Monte Vecinal "MADROA" da Parroquia de Teis

Expte(s): 68747-421

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e considera non probado pola comunidade de montes demandante a inclusión da parcela dos demandados, que reivindicaba, como parte dos terreos da comunidade de montes.



Concello de Vigo

Nin a proba pericial practicada, nin os documentos aportados permitiron acreditar que a delimitación do monte comunal incluíse esta parcela, polo que se desestima a demanda.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto

2.- Contencioso. Expediente nº 10855/111
Sentenza nº 301 do 7 de outubro de 2019
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Ordinario: 254/2017
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Contra resolución do 29/06/17 ditada no exp. 4972/243 sobre responsabilidade patrimonial por caída na rúa Gerona nº 14
Expte(s): 4972-243
Contía: 136.637,71 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 11709/111
Decreto nº 434 do 10 de outubro de 2019
Xulgado do Social nº 3 de VIGO
Ordinario: 860/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades
Expte(s): 11483-306
Contía: 1.034,72 €

A resolución comunicada acepta o desistimento do actor e dispón o arquivo do procedemento.

O demandante figura contratado polo servizo de salvamento e socorrismo do Concello, e o Concello emprazado como codemandado.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

4.- Civil. Expediente nº 11812/111
Sentenza nº 205 do 8 de outubro de 2019
Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de VIGO
Ordinario: 592/2018
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Exercicio acción deslinde do artigo 384 do Código Civil, aplicando as normas establecidas nos artigos 385-386 e 387 do mesmo corpo legal, acumulando esta acción á acción reivindicatoria do artigo 348, de tal forma que a acción de deslinde se exerza de forma previa a acción reivindicatoria.
Expte(s): 592/2018
Contía: 1756,85€

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e as pretensións da parte actora por concorrer o instituto da cousa xulgada.

O Xulgador considera que, tal e como alegaron as partes demandadas, tratouse con anterioridade nun procedemento que xa consta con sentenza firme, que o dereito de propiedade sobre a porción controvertida se recoñeceu en favor dos demandados, polo que os efectos da cousa xulgada se despregan totalmente neste procedemento.

O Concello figuraba como codemandado por mor da cesión urbanística realizada polos demandados en cumprimento das súas obrigas urbanizadoras.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto

5.- Social. Expediente nº 11875/111

Decreto nº 413 do 10 de outubro de 2019

Xulgado do Social nº 5 de VIGO

Ordinario: 702/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades

Expte(s): 11483-306

Contía: 1.663,05 €

A resolución, acepta o desistimento do actor e dispón o arquivo do procedemento.

O Concello figuraba como codemandado e o traballador pertence ao servizo de salvamento e socorrismo contratado.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

6.- Social. Expediente nº 11876/111

Decreto nº 414 do 10 de outubro de 2019

Xulgado do Social nº 5 de VIGO

Ordinario: 703/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Expte(s): 11843-306

Contía: 2.219,29 €

O decreto acepta o desistimento do actor e dispón o arquivo do recurso.

O demandante figura contratado polo servizo de salvamento e socorrismo do Concello de Vigo, e éste emprazado como codemandado por esta razón.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

7.- Civil. Expediente nº 12010/111

Sentenza nº 464 do 2 de outubro de 2019

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 6 de VIGO

Recurso de apelación: 304/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra obras efectuadas a partires do 19/05/2018 de ampliación, nova construción e mellora nas instalacións da porción de terreo do montes destinada ao Zoolóxico.



Concello de Vigo

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, contra a que só se pode interpoñer recurso de casación ou recurso extraordinario por infracción procesual, desestima o recurso de apelación da CMVMC de Teis. A sentenza ratifica a de instancia e considera que a pretensión non resulta admisible, porque a comunidade non solicitou a devolución da posesión dos terreos que se lle recoñeceu pola sentenza do ano 2009. Tampouco considera que se lle cause ningún interese coa execución das obras. A alegación de que son contrarias ao dereito de retención non abonda para a Audiencia.

Os Servizos de Medioambiente e Patrimonio deben coñecer do resolto.

8.- Social. Expediente nº 12053/111

Decreto nº 435 do 10 de outubro de 2019

Xulgado do Social nº 3 de VIGO

Ordinario: 265/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Expte(s): 11483-306

Contía: 3.053,65 €

O decreto acepta o desistimento do actor, e dispón o arquivo do procedemento. O Concello figuraba como codemandado, o traballador pertence ao servizo de salvamento e socorrismo contratado.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12123/111

Sentenza nº 248 do 8 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 141/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra acordo da XGL do 28/02/2019 que inadmite o recurso de alzada formulado contra os acordos do órgano de selección do proceso selectivo convocado para a provisión de 10 prazas de bombeiro nas OEP 2014, 2016 e 2016, sobre alegacións ao segundo exercicio probas de aptitude física e de acceso ao expediente e posterior nomeamento como funcionarios en prácticas.

Expte(s): 33403-220 e 33525-220

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio.

A departamento de Persoal (RRHH), debe coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12220/111

Auto nº 81 do 16 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 211/2019

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Contra resolución do 30/05/2019 que acorda rexeitar a interpretación que a Autoridade Portuaria de Vigo fai da obriga asumida polo Concello de Vigo no convenio de colaboración denominado "ABRIR VIGO AL MAR" do 02/11/1992.

Expte(s): 6106-440

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Declara o remate do procedemento e o seu arquivo ao non terse formulada demanda en prazo.

A Concellería de Fomento debe coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.



Concello de Vigo

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(918).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA Á “ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI” PARA A ORGANIZACIÓN DA “CONFERENCIA INTERNACIONAL DE CIDADES SOLIDARIAS CO POBO SAHARAUI”. EXPTE. 193070/301.

Visto o informe xurídico de data 18/10/19, e o informe de fiscalización do 21/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/10/19, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 11.10.2019 (Código solicitude W381215-4233; Doc. Nº 190158387) o representante da Asociación “Solidaridade Galega co Pobo Saharai” (SOGAPS) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para a organización da “*Conferencia Internacional de Cidades Solidarias co Pobo Saharai*”.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenouse a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación SOGAPS para a execución daquela actividade.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.

- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o pobo saharai leva 44 anos aturando unhas durísimas condicións de vida nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Arxelia), nos territorios ocupados por Marrocos no Sahara Occidental.

Afírmase tamén que, malia as reiteradas resolucións da ONU recoñecendo o dereito de autodeterminación do pobo saharai, a solución eternízase pola intransixencia do goberno marroquí e a pasividade da comunidade internacional. Manifestan tamén que a RASD é unha



Concello de Vigo

realidade incuestionable recoñecida por múltiples países e que a estrutura do Estado Saharaui vaise consolidando paulatinamente a pesar das dificultades.

III.2. A Asociación SOGAPS é unha Organización Non Gubernamental sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2004/007037, con CIF G-15924558, que ten a súa sede social na cidade de Vigo, na Avda. Alcalde Gregorio Espino nº 57. Está formada por persoas voluntarias que adican parte do seu tempo a colaborar na axuda ó pobo saharai.

III.3. A finalidade de SOGAPS é dobre. Por unha parte, pretende mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharais como da poboación residente no Sáhara Occidental ocupada por Marrocos e, por outra banda, desde o ano 1991 creouse o movemento solidario en Galicia co nome de “Amigos do Pobo Saharaui” (máis tarde, “Asociación Galega de Axuda ao Sáhara”, pasando a denominarse desde 2004 “Solidariedade Galega co Pobo Saharaui”), co obxectivo de dar resposta ás necesidades de planificación e avance na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida ós refuxiados saharais que reciben de Galicia a petición e coa coordinación da Delegación Saharaui para Galicia.

III.4. Os Campamentos de refuxiados saharais están ubicados no Suroeste do territorio arxelino; concretamente na súa zona fronteiriza co territorio saharai. Actualmente viven neles arredor de 165.000 persoas, fundamentalmente mulleres e nenos/as, xa que a maior parte dos homes atópanse nas chamadas zonas liberadas do Territorio Nacional, encadrados nas diferentes divisións do exército saharai.

III.5. Neste contexto, os obxectivos xerais de SOGAPS son:

- Fortalecer a solidariedade co pobo saharai desde as cidades e as institucións locais.
- Contribuír ó desenvolvemento e consolidación do Estado Saharaui desde o ámbito local, mellorando as súas estruturas nos Campamentos de Refuxiados Saharais e nos Territorios Liberados.
- Incrementar a cooperación humanitaria, os proxectos de desenvolvemento, os servizos públicos, a creación de emprego, o funcionamento das institucións saharais e o protagonismo da muller e a xuventude.
- Promover desde as cidades e os seus representantes iniciativas políticas cidadás de cooperación e de defensa dos dereitos humanos, económicos, sociais e culturais da poboación saharai.
- Mellorar a estrutura e a coordinación entre as institucións solidarias (concellos, cabildos, deputacións...) a través de FEDISSAH para ser máis eficaces, grazas á participación de diversas autoridades locais, alcaldes e gobernadores, así como das organizacións sociais saharais, representantes dos ministerios de cooperación, xestión e administracións públicas e do Parlamento Saharauí e tamén coa participación de numerosos alcaldes e concelleiros de toda España e doutros países europeos, así como do movemento solidario.

III.6. A actividade presentada agora ó Concello de Vigo (organización da “*Conferencia Internacional de Cidades Solidarias co Pobo Saharaui*”) non constitúe unha iniciativa aillada, senón que se enmarca na estratexia de mellora da estrutura e coordinación das institucións solidarias a través da FEDISSAH.

III.7. Preténdese tamén, segundo indica SOGAPS, involucrar a un maior número de axentes institucionais e seguir multiplicando as iniciativas políticas desde os gobernos locais e territoriais esixindo o cese da violación de dereitos humanos nos territorios ocupados, a liberación inmediata dos presos políticos e que o goberno de Marrocos cumpla as resolucións das Nacións Unidas e celebre o referéndum de autodeterminación para que o pobo saharai poida acceder á súa independencia e recuperar o territorio do Sáhara Occidental.

III.8. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total desta actividade estímase en 30.928,56€, dos que o Concello de Vigo achegaría 12.000€. O resto sería cofinanciado pola propia SOGAPS e os seus doantes.

III.9. Nos vixentes orzamentos municipais da Alcaldía existe a aplicación orzamentaria nº 9120.489.00.02 (“SUBVENCIONES POR RAZONS HUMANITARIAS OU SOCIAIS”) con dotación económica suficiente para atender ese gasto de 12.000€.

III.10. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.11. No presente caso xustificáranse tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrencia que deben rexer esta materia como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por SOGAPS (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria antes indicada.

III.12. A Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal autorizou expresamente, mediante Decreto de data 11.10.2019, a realización dese gasto de 12.000€ con cargo á aplicación da Alcaldía nº 9120.489.00.02 (“SUBVENCIONES POR RAZONS HUMANITARIAS OU SOCIAIS”) e a súa utilización pola Concelleira delegada de Política de Benestar Social para o fin indicado (celebración da “*Conferencia Internacional de Cidades Solidarias co Pobo Saharai*”).

III.13. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.



Concello de Vigo

III.14. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

-A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *“cooperación para o desenvolvemento”*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).

-A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *“axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”* (Art. 23.1.a)].

-Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribibe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, *«as entidades que integran a Administración Local»* e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

III.15. Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria,

autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.16. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación SOGAPS estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021») como da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade e propónse dar continuidade ó traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como SOGAPS.

Tamén se menciona expresamente nese «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», a colaboración pública «*na xestión da atención sanitaria aos nenos e nenas saharauís que participan no programa de “Vacacións en Paz” xestionado pola ONGD Solidariedade Galega co Pobo Saharai*».

Neste sentido, o Concello de Vigo e a Asociación SOGAPS subscribiron este mesmo ano un convenio de colaboración para o periodo 2019-2021 a fin de darlle continuidade ó proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, consistente no traslado a Vigo de nenos e nenas saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. Para estes efectos, o Concello de Vigo comprometeuse a conceder unha subvención por importe total de 180.000 € (Exps. núms. 180641/301 e 180642/301).

III.17. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharai” unha subvención directa por importe de 12.000€ (DOCE MIL EUROS) para sufragar parcialmente os gastos de organización da “*CONFERENCIA INTERNACIONAL DE CIDADES SOLIDARIAS CO POBO SAHARAUI*”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 12.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 9120.489.00.02 (“*SUBVENCIÓNS POR RAZÓNS HUMANITARIAS OU SOCIAIS*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharai” (CIF G-15924558).



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución da actividade de SOGAPS consistente na organización da “*CONFERENCIA INTERNACIONAL DE CIDADES SOLIDARIAS CO POBO SAHARAUI*”, coa finalidade de contribuír ó desenvolvemento e consolidación do Estado Saharai desde o ámbito local, mellorando as súas estruturas nos Campamentos de Refuxiados Saharais e nos Territorios Liberados.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: os/as beneficiarios/as indirectos/as desta axuda municipal serían o conxunto da poboación saharai.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención directa poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 9120.489.00.02 (“*Subvencións por razóns humanitarias ou sociais*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: Realizarase un pagamento único unha vez xustificada a realización da actividade.

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas da actividade subvencionada, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2019** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Memoria final da actividade.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Copia das facturas xustificativas do gasto realizado e facturas orixinais polo importe do gasto subvencionado.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



Concello de Vigo

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(919).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ” PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE EN TEIS E A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE REPARTO DE ALIMENTOS BÁSICOS A FAMILIAS DO BARRIO EN SITUACIÓN DE NECESIDADE. EXPTE. 186815/301.

Visto o informe xurídico de data 17/09/19, e o informe de fiscalización do 21/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

II. A Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa institución “*Hermanos Misioneros de los enfermos pobres*” (agora: «FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ»), entidade colaboradora que presta un servizo inestimable a persoas sen fogar ofrecendo prazas temporais de Albergue e de longa estancia na súa Casa de acollida, cubrindo así en parte as carencias da estrutura municipal actual. Completa os seus servizos á comunidade cun programa de reparto de alimentos básicos a familias en situación de precariedade económica. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2019-2021.

III. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2019 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - “*Convenio Misioneros*” (57.060€). As subvencións previstas para os exercicios de 2020 e 2021 (outros 57.060€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

IV. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VI. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2019, 2020 e 2021), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2020 e 2021.

VII. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ (antes: “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES”) PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE E O REPARTO DE ALIMENTOS A FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)».

Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de delegación de atribucións na XGL) a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2019, 2020 e 2021 entre a Concellería de Política de Benestar Social e a «Fundación da Santa Cruz», CIF G-67116756 (antes: “*Hermanos Misioneros de los enfermos pobres*”), para o sostemento do seu Albergue en Teis e a execución dun programa de reparto de alimentos básicos a familias do barrio en situación de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 171.180€, a razón de 57.060€/ano, con cargo no exercicio de 2019 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - *Convenio Misioneros*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ (Antes: “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES”) PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE E O REPARTO DE ALIMENTOS A FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2019 – 2021)».

En Vigo, (data segundo sinatura electrónica)

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Ramón Batlle Tomàs, con DNI nº 40.894.035-N, Vicepresidente da «Fundación da Santa Cruz», con enderezo para os efectos de notificación na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, segundo os Decretos do Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo,

do 18 de xuño de 2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. segundo, Pto. 5).

D. Ramón Batlle Tomàs, actuando en representación da «Fundación da Santa Cruz» (CIF G-67116756), segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a institución «Fundación da Santa Cruz» (antes: “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”) ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Trátase dunha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de verdadeira necesidade e os seus centros asistenciais en Vigo constitúen uns valiosos recursos sociais dentro do conxunto do sistema de servizos sociais da cidade.

En concreto, a institución dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que cumpren cos requisitos da normativa vixente de autorización de centros e programas.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, os do Albergue municipal – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

III.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómi-



Concello de Vigo

ca. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e

26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación da Santa Cruz» (antes: "Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres") para o sostemento do seu Albergue, situado na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade, así como para o reparto de alimentos entre as familias necesitadas, nas condicións que a seguir se especifican.

SEGUNDA.- A «Fundación da Santa Cruz» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Aceptar nos seus centros a homes e mulleres das características mencionadas e que asuman o cumprimento das normas de orde interno existentes, que lles sexan derivadas polo Servizo de Benestar Social do Concello, sempre que a súa capacidade o permita.

2º) Proporcionar ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais, dentro das súas posibilidades e tanto nas prazas de Albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente ó cumprimento de horarios de entrada e saída, comidas, etc., cando así o precisen para a súa inserción laboral, realizar xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.

3º) Alojar, con carácter excepcional e en réxime de pensión completa, a aqueles usuarios do CIIES que polas súas limitacións de mobilidade non poidan acceder ós pisos dispoñibles.

4º) Contratar a un/unha traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda ás persoas usuarias do Albergue para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa.

5º) Continuar coa actividade de axuda social consistente na entrega no seus domicilios (agás excepcións xustificadas), dúas veces ó mes e a un máximo de 80 familias seleccionadas polas Unidades de Traballo Social da zona de influencia (Teis e arredores), duns paquetes de alimentos básicos que incluirán, como mínimo: froita, pan, legumes, arroz, pasta, conservas de peixe, aceite, conservas vexetais, iogures, galletas, cacao e embutidos. Procurarase que a compra destes alimentos se realice en establecementos do propio barrio de Teis.



Concello de Vigo

6ª) Promover o desenvolvemento de habilidades persoais e sociais e a inclusión das persoas residentes e usuarias do seu Albergue, facilitándolles as competencias técnicas e os coñecementos necesarios.

7ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación da Santa Cruz» unha subvención para cada un dos exercicios de 2019, 2020 e 2021 por importe de 57.060€/ano (en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 171.180€) para cofinanciar o custo da contratación dunha traballadora social para o Albergue “Nuestra Señora de la Salud” (que non terá relación laboral ningunha co Concello de Vigo), os gastos de comedor do Albergue e para levar a cabo un programa de reparto de alimentos a familias en situación de necesidade.

O gasto do exercicio de 2019 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – “Convenio Misioneros”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2020 e 2021) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

CUARTA.- Para contribuír ó desenvolvemento de habilidades persoais e sociais e á inclusión das persoas usuarias do Albergue da «Fundación da Santa Cruz», o Concello de Vigo comprométese, sempre que sexa posible e como parte dos seus itinerarios de inserción, a contar coa participación daquelas que reúnan a capacidade precisa como colaboradoras nas tarefas auxiliares derivadas da organización dos eventos, xornadas e/ou congresos que se leven a cabo desde a Concellería de Política de Benestar Social. En calquera caso, actuarían sempre de forma supervisada e guiada por profesionais, sen ningún vínculo de carácter laboral co Concello e coa cobertura de riscos que lles preste a Fundación. A súa participación non suplirá á dos/as profesionais que se poidan contratar para a organización daqueles actos.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1.No ano 2019, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2020 e 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou

o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2.O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos tres exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de tres (3) anos (2019 – 2021), condicionado ó



Concello de Vigo

cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente Addenda.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Fundación da Santa Cruz» e dous técnicos municipais de Benestar Social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Fundación da Santa Cruz» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A «Fundación da Santa Cruz» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos tres exercicios (2019, 2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por

calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluíra unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2.Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

3.Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4.Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).



Concello de Vigo

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “estampillado” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VISÉXIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

8(920).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. PILAR PÉREZ-LAFUENTE VARELA, EN NOME DE WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982, NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCADOIROS SITUADOS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 1789/ 449.



Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 21/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 5 marzo de 2018 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante, no Boletín Oficial da Unión Europea e no Boletín Oficial da Provincia o 8 de marzo de 2018, no Boletín Oficial do Estado o 15 de marzo e no Diario Oficial de Galicia o 28 de marzo, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de abril.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro xeral o 23 de outubro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. - TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A.
2. UTE HINOBEPA, S.L. - INVERSIONES TURIAPARK, S.L.
3. EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos

aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) coas seguintes condicións:

- a) Propón un 6% de diminución lineal das tarifas máximas fixadas para cada anualidade na cláusula 8.2 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcadoiro.*
- b) Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 do PCAP (120.000 euros) en 17.760 euros/ano, resultando un canon total anticipado de 3.444.000 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo en relación co expediente 6258-241 relativo á xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade:

“1º.- Tomar coñecemento do ditame 80/2019 do Consello Consultivo citado no antecedente vixésimo quinto deste informe.

2º.- Resolver o contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade conforme ó disposto no fundamento xurídico III deste escrito.

3º.- Incoar procedemento para a liquidación da citada concesión.

4º.- Ter por cumprida a condición suspensiva regulada na cláusula 60 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (expediente 1.789-449) e proceder a formalización do contrato.

5º.- Dar traslado deste acordo aos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 aos efectos oportunos.

6º.- Notificar o presente acordo ós interesados.

7º.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica municipal ós efectos de comunicarllo ó Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.

8º.- Dar traslado do presente acordo ó servizo de Contratación ós efectos de formalizar a concesión citada no punto quinto”.

Este acordo foi notificado á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o 14 de setembro de 2019.

Cuarto.- O 27 de setembro de 2019 tivo entrada no Rexistro Xeral (documento número 190149284) recurso de reposición interposto por D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 contra o acordo da Xunta de Goberno local do 30 de agosto de 2019.



Concello de Vigo

Quinto.- O 16 de outubro de 2019 tivo entrada no Rexistro Xeral (documento número 190161618) escrito presentado por D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982, no que solicita a suspensión da formalización do contrato “ata a cancelación rexistral dos títulos e anotacións preventivas”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación o acordo polo que se acorda a resolución do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade e a incoación do procedemento para a liquidación da concesión, ambos no expte. 6258-241, ter por cumprida a condición suspensiva regulada na cláusula 60 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (expediente 1.789-449) e proceder á formalización deste contrato.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento

- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, o acordo polo que se resolve a concesión adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., se incoa o procedemento para a liquidación da citada concesión, e se dá por cumprida a condición suspensiva para a formalización da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (expediente 1.789-449) é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

O recorrente basea a súa impugnación na nulidade de pleno dereito da resolución do contrato tramitado no expediente 6.258-241 e, e en que non se pode ter por cumprida a condición suspensiva regulada nas cláusulas 24 e 60 do PCAP que rexe a contratación do expediente 1.789-449 e polo tanto non procede a formalización deste contrato.



Concello de Vigo

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación previstas no artigo 4 da LPAC.

Se ben a recorrente alega “*ostentar dereitos directamente afectados pola decisión adoptada no expediente*” (suposto previsto no apartado 1b do citado artigo 4), está lexitimada no expediente 1.789-449 para recorrer o levantamento da condición suspensiva e a procedencia da formalización do contrato que lle foi adxudicado por ser a adxudicataria deste contrato; pero non está lexitimada no expediente 6.258-241 de resolución da concesión adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007, por ser un terceiro totalmente alleo á relación contractual entre esta Administración e o concesionario dese contrato.

Alega a recorrente que a condición de interesado se lle recoñeceu polo Concello ao notificarlle o acordo do 30 de agosto de 2019. Respecto a esta cuestión, se ben non se discute que a notificación practicada debería ter concretado a parte do acordo contra a que a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. - TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A. podería interpoñer recurso, resulta evidente que esta notificación non lle pode recoñecer a condición de interesado no expediente 6.258-441, por canto esta UTE non participou nesa licitación nin ten dereito o interese que se poida ver afectado por ese contrato. E se a recorrente non ten lexitimación para impugnar a resolución da concesión, tampouco a ten para discutir se o concesionario é PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. ou COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U.

En base ao anterior, procede inadmitir parcialmente o recurso por falta de lexitimación da recorrente para impugnar a resolución do contrato adxudicado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007.

A representación da recorrente consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é o acordo da Xunta de Goberno local do 30 de

agosto de 2019 que foi notificado o 14 de setembro, a interposición do recurso de reposición en data 27 de setembro realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento, e a este respecto, cómpre indicar que non resulta coherente que a recorrente discuta a causa e o momento no que se produciu a resolución do contrato adxudicado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007 e ao mesmo tempo entender que non se cumpre a condición suspensiva do contrato adxudicado no expediente 1.789-449.

Cómpre lembrar a regulación da condición suspensiva nas cláusulas 24ª e 60ª do PCAP:

“CLÁUSULA 24ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- A formalización efectuarase en documento administrativo ou ben en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP

2.- O presente contrato non poderá formalizarse ata que se resolva a vixente concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local data 21 de maio de 2007.

3. Cumprida a condición suspensiva, a formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte a aquel no que reciba o correspondente requirimento.

3.- Con carácter previo á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar copia das pólizas de seguro previstas na cláusula 23ª.

4.- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, será requisito imprescindible que con carácter previo á formalización do contrato acheguen a escritura de constitución da mesma.

CLÁUSULA 60ª.- CONDICIÓN SUSPENSIVA DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- O presente contrato non poderá formalizarse ata que se resolva a vixente concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local data 21 de maio de 2007.

2.- Se transcorresen 24 meses sen que se producise a resolución da actual concesión, o adxudicatario poderá retirar a súa oferta”.

Fora cal fose a causa da resolución da concesión, o que está claro é que na data de interposición do recurso o contrato estaba resolto. De feito, a recorrente defende que a resolución se produciu previamente ao acordo da Xunta de Goberno local do 30 de agosto de 2019 por ministerio da lei, polo que en ningún momento discute que a resolución se teña producido.



Concello de Vigo

Como o que determina o levantamento da condición suspensiva é a resolución da concesión anterior e non cabe ningunha dúbida de que esa concesión xa está resolta, carece totalmente de fundamento que a recorrente impugne esa resolución cando ela mesma reconece ao longo do seu escrito que a resolución xa se tiña producido, polo que non procede entrar no fondo desa alegación. A recorrente debe exercitar os seus dereitos conforme ás esixencias da boa fe (artigo 7 do Código Civil), como ela mesma reclama do Concello.

En consecuencia, refórzase o argumento da non admisión da alegación da nulidade da resolución do contrato adxudicado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007, non só pola falta de lexitimación da recorrente senón porque esta alegación carece de fundamento (artigo 116 b) e e) da LPAC). Respecto do resto das alegacións, como están fundamentadas, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, procede admitir parcialmente o recurso.

Ao proceder a admisión parcial do recurso deberá resolverse sobre o fondo.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houber outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Tendo en conta que a condición suspensiva da formalización do contrato afecta unicamente ao adxudicatario, non se considera que existan outros interesados no procedemento e tampouco se estima necesario que deban terse en conta novos feitos ou documentos, polo que non se deu audiencia deste recurso.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Estimándose inadmisibile a alegación á resolución do contrato adxudicado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007, procede examinar os outros motivos de impugnación:

➤ **Non se cumpre a condición suspensiva recollida nas cláusulas 24 e 60 do PCAP, polo que non procede a formalización do contrato**

A recorrente alega que *“os predios obxecto da concesión de servizo de aparcadoiros seguen afectos á liquidación do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U.”* e achega anotacións preventivas practicadas polos Rexistros da Propiedade de Vigo números 1, 2 e 3. Manifesta que *“é necesario o auto que declare concluso o concurso de acredores e ordene a cancelación das anotacións rexistras derivadas do dito procedemento, é dicir que se reflicte no Rexistro tal extinción (do concurso de acredores) porque mentres tanto se manteñan as limitacións consustanciais á anotacións previas que perviven”* e que *“o Concello de Vigo non consignou a indemnización que corresponda ao concesionario, nin liberou aos aparcadoiros das cargas rexistras que pesan sobre eles”*.

Como consecuencia destas argumentacións, a recorrente entende que:

- *“Non se pode ter por cumprida a condición suspensiva regulada nas cláusulas 24ª e 60ª do prego de condicións administrativas particulares do expte. 1.789-449, porque non se ten extinguido totalmente os efectos da relación contractual que vincula ao anterior concesionario e ao Concello, e que afectan directamente á nova concesión, que é a causa, motivo e obxecto de dita condición suspensiva”*.
- *“Impide o cumprimento do 273 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, e da cláusula 37ª do prego de cláusulas administrativas particulares da concesión outorgada o 18 de outubro de 2018, que permiten ao adxudicatario da nova concesión, WELGOOD TRANVÍAS, UTE, hipotecar o futuro dereito real de concesión administrativa en garantía das débedas que garden relación co obxecto do contrato previa autorización do órgano de contratación”*.

Recordemos que a condición suspensiva está regulada nas dúas cláusulas do PCAP que a recorrente invoca e que indican, claramente e sen lugar a ningún tipo de dúbida, que a formalización do contrato non poderá producirse ata que se resolva a concesión adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local data 21 de maio de 2007 e que unha vez que se resolva procederase á formalización.

A presentación da proposición da UTE recorrente ao procedemento tramitado no expediente 1.789-449 supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade o reserva algunha (artigo 139 da LCSP) (entre outras moitas, resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais nº



Concello de Vigo

408/2015). Isto implica que a recorrente aceptou incondicionadamente as cláusulas 24ª e 60ª relativas á condición suspensiva que se discute.

O prego de cláusulas administrativas constitúe a lei do contrato ao que deben suxeitarse os licitadores, así como o propio órgano de contratación. Indica o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na súa resolución 219/2016 que “O prego constitúe --auténtica lex contractus, con eficacia xurídica non só para o órgano de contratación senón tamén para calquera interesado no procedemento de licitación--. Como se sinala na Resolución 410/2014, do 23 de maio --segundo o criterio fixado xa por este Tribunal, acorde coa Xurisprudencia do Tribunal Supremo, temos que recordar que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares é a Lei que rexe a contratación entre as partes e ao Prego hai que estar, respectar e cumprir, sen que por iso se contraveña o principio de concorrencia nin o de igualdade (resolución 47/2012, do 3 de febreiro, recurso 047/2012).

En efecto, abundando en dita afirmación temos que traer a colación a resolución 253/2011 “para os efectos do concluído no punto anterior desta resolución, é menester recordar, que de acordo cunha inveterada xurisprudencia, os pregos constitúen a lei do contrato como expresión dos principios xerais esenciais que rexen as relacións nadas da convención de vontades, tales como o sintetizado no brocardo “pacta sunt servanda” cos corolarios do imperio da boa fe e do non licet contra os actos propios e, en segundo lugar, que na súa interpretación é posible a aplicación supletoria das normas do Código Civil, cuxo artigo 1.281 establece que se os termos do contrato son claros e non deixan lugar a dúbidas sobre a intención dos contratantes, haberá que estarse ao sentido literal das súas cláusulas (Sentenzas do Tribunal Supremo do 19 de marzo 2001, 8 de xuño de 1984 ou 13 de maio de 1982). Xurisprudencia máis recente como a que se deriva da Sentenza da Sección 4, Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 8 de xullo de 2009 se refire á interpretación literal ou teleolóxica (se as palabras parecen contrarias á intención evidente dos contratantes, prevalecerá esta sobre aquelas, artigo 1.281 do Código Civil) e tamén á propia interpretación lóxica das cláusulas do contrato”. Non se pode esquecer que o artigo 1.282 do Código Civil, en relación co alcance e o contido das regras interpretativas en materia contractual, esixe ter en conta para xulgar a intención dos contratantes, os actos daqueles coetáneos e posteriores ao contrato. En última instancia, é necesario apuntar que unha interpretación distinta levaría a unha interpretación do prego en contra do seu contido natural, o cal implicaría unha grave vulneración do principio de seguridade xurídica e unha ruptura do principio de igualdade, para aqueles licitadores que teñen respectado o contido do prego de cláusulas aquí discutidas--”.

Á vista do anterior non cabe dúbida ningunha de que a condición suspensiva se ten por cumprida coa resolución do contrato porque así o indica o prego e este constitúe a lei do contrato, polo que a el debe suxeitarse non só a UTE adxudicataria senón tamén o órgano de contratación.

Así, con independencia das dificultades ou impedimentos que a recorrente poida ter para hipotecar a concesión, non procede estimar a súa pretensión de entender que é nulo o acordo da Xunta de Goberno local do 30 de agosto de 2019 no referente a “Ter por cumprida a condición suspensiva regulada na cláusula 60 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castela (expediente 1.789-449) e proceder a formalización do contrato”.

-V-
Suspensión

En relación coa solicitude de suspensión do acordo do 30 de agosto de 2019, cómpre indicar que o artigo 117 da LPAC establece que *“a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. No entanto o disposto no apartado anterior, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:*

- a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.*
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei”.*

A execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorrido un mes desde que a solicitude de suspensión tivera entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para decidir sobre ela, o órgano a quen compete resolver o recurso non tivera ditado e notificado resolución expresa ao respecto”.

A recorrente solicita a suspensión por fundamentar a súa impugnación en causas de nulidade previstas no artigo 47.1 da LPAC e por entender que a execución dos acordos impugnados poden causar prexuízos de imposible ou difícil reparación. Alega a *“inseguridade xurídica que xeran uns acordos administrativos contraditorios cos anteriormente adoptados pola Administración no mesmo expediente, contrarios a un pronunciamento xudicial de obrigado cumprimento provisional, ao ditame do Consello Consultivo; estando sub iudice dos procesos xudiciais que afectan ao obxecto mesmo destes acordos; mantendo nos Rexistros da Propiedade as anotacións preventivas do concurso de acredores do concesionario e pendente a liquidación da concesión, involucrando directamente a terceiros (WELGOOD TRANVÍAS, UTE)”.*

Tendo en conta o sinalado nos puntos II e IV deste informe, nos que se conclúe que a recorrente carece de lexitimación para impugnar o acordo de resolución e que a condición suspensiva si se entende cumprida por aplicación directa do PCAP, non procedendo estimar a alegación de nulidade, non concorre a circunstancia prevista no apartado b) do artigo 117.2 da LPAC. Por outra banda, a execución do acordo da Xunta de Goberno local do 30 de agosto de 2019 non causa *per se* prexuízos de imposible ou difícil reparación, con independencia das dificultades que poida ter a adxudicataria de cara a hipotecar a concesión que, en todo caso, deberán ser obxecto de análise na contestación ao escrito por ela presentado o 16 de outubro de 2019 no que solicita a suspensión da formalización do contrato *“ata a cancelación rexistral dos títulos e anotacións preventivas”.*



Concello de Vigo

**-VI-
Acordo**

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Non admitir parcialmente o recurso de reposición interposto o 27 de setembro de 2019 (documento número 190149284) por D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982, no procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) no referente á impugnación da resolución do contrato adjudicado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007.

2º.- Admitir parcialmente o citado recurso no referente ao levantamento da condición suspensiva recollida nas cláusulas 24 e 60 do PCAP.

3º.- Desestimar o recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.

4º.- Desestimar a solicitude de suspensión do acordo impugnado polos motivos previstos no fundamento xurídico V deste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(921).- PROPOSTA SOBRE A AUTORIZACIÓN DE HIPOTECA, CANCELACIÓN DE ANOTACIÓNS PREVENTIVAS E SUSPENSIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCADOIROS SITUADOS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 1789/ 449.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- Decreto do 8 de febreiro de 1946 polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei Hipotecaria (LH)
- Decreto do 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 22 de marzo de 2019 D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 solicitou, mediante escrito rexistrado co número 190042213, autorización para a constitución de hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada polo Concello de Vigo.

Segundo.- O 9 de abril de 2019 D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 a través de escrito rexistrado co número 190051843, solicitou a cancelación das anotacións preventivas (declaración de concurso e apertura da fase de liquidación) referidas ao proceso concursal da extinta entidade concesionaria que constan nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3.

Terceiro.- Con data do 16 de outubro de 2019, D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 presentou escrito rexistrado co número 190161618, no que solicita a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao ata a cancelación rexistral dos títulos e anotacións preventivas que pesan sobre a concesión.

Antes de proceder a resolver as anteriores solicitudes, cómpre ter en conta os correspondentes **antecedentes** con elas relacionados:

I.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018 acordou adxudicar á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449).



Concello de Vigo

As cláusulas 24ª e 60ª do PCAP que rexeu esta licitación contemplan unha cláusula suspensiva da formalización da concesión en tanto non se resolva a concesión adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007.

II.- Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo en relación co expediente 6258-241 relativo á xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade:

“1º.- *Tomar coñecemento do ditame 80/2019 do Consello Consultivo citado no antecedente vixésimo quinto deste informe.*

2º.- *Resolver o contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade conforme ó disposto no fundamento xurídico III deste escrito.*

3º.- *Incoar procedemento para a liquidación da citada concesión.*

4º.- *Ter por cumprida a condición suspensiva regulada na cláusula 60 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (expediente 1.789-449) e proceder a formalización do contrato.*

5º.- *Dar traslado deste acordo aos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 aos efectos oportunos.*

6º.- *Notificar o presente acordo ós interesados.*

7º.- *Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica municipal ós efectos de comunicarllo ó Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.*

8º.- *Dar traslado do presente acordo ó servizo de Contratación ós efectos de formalizar a concesión citada no punto quinto”.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- **SOLICITUDE DE CONSTITUCIÓN DE HIPOTECA SOBRE A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA**

Segundo o artigo 261.1 do TRLCSP “As concesións de obras públicas cos bens e dereitos que leven incorporados serán hipotecables conforme ao disposto na lexislación hipotecaria, previa autorización do órgano de contratación.

Non se admitirá a hipoteca de concesións de obras públicas en garantía de débedas que non garden relación coa concesión correspondente”.

A titularidade dunha concesión administrativa outorga ao concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional (artigo 97 da LPAP).

A lexislación patrimonial (artigo 98 LPAP) permite a hipoteca deste dereito real con suxeición aos seguintes requisitos:

1. Só poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión para financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.
2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.
3. As hipotecas extinguíranse coa extinción do prazo da concesión.

Nesta liña, a cláusula 36ª do PCAP reconece entre os dereitos do concesionario *“Hipotecar a concesión nas condicións establecidas no TRLCSP previa autorización do órgano de contratación”*.

A cláusula 37ª regula a hipoteca nos seguintes termos:

“1.- O concesionario poderá hipotecar, previa autorización do órgano de contratación, o dereito real de concesión administrativa en garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.

2.- A hipoteca rexerese polo disposto nos artigos 261 a 264 do TRLCSP e deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.

3.- En caso de resolución da concesión, o Concello de Vigo dará audiencia ó acredor hipotecario por si este quixera subrogarse na posición de concesionario, sempre que ilo fose compatible co bo fin da concesión.

4.- O adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria quedara subrogado na posición del concesionario previa autorización administrativa, na que se comprobará se cumpre os requisitos esixidos ó concesionario. Se houberan finalizado as obras só se esixirán ó executante os requisitos necesarios para levar a cabo a explotación do servizo”.

En base ao anterior, procede autorizar a hipoteca solicitada por Dª. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 condicionada á formalización da concesión.

- **SOLICITUDE DE CANCELACIÓN DAS ANOTACIÓNS PREVENTIVAS**



Concello de Vigo

A través do seu escrito a UTE solicita a cancelación das anotacións preventivas de concurso e apertura da fase de liquidación referidas ao proceso concursal da extinta entidade concesionaria que constan nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3,

As anotacións preventivas extínguense por cancelación, por caducidade u pola súa conversión en inscrición (artigo 77 da LH).

Nos procedementos de concurso de acredores só procede a cancelación da anotación preventiva cando se desestimase ou deixase sen efecto a declaración de concurso ou de quebra (artigo 206.5 do RH).

A cancelación practícarase mediante a presentación da testemuña da resolución xudicial firme ou mandamento onde se ordene a cancelación, escritura pública ou documento no que se acredite o feito determinante daquela ou, no seu caso, solicitude dos interesados (artigo 207 do RH).

Esta Administración non pode acceder ao solicitado pola UTE o 9 de abril de 2019 por canto o órgano competente para ordear a cancelación é o xuíz que substancia a concurso.

- **SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN**

Por último, haberá que analizar se procede estimar a solicitude de suspensión da formalización da concesión.

Segundo o artigo 31 do RH “*as concesións administrativas que afecten ou recaian sobre bens inmobles, inscribíranse a favor do concesionario coa extensión e condicións que resulten do título correspondente*”.

Agora ben, en canto non se poida inscribir a resolución da anterior concesión (adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007), polos motivos xa expostos neste informe, a adxudicataria da nova concesión, WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982, non pode inscribila rexistralmente por recaer sobre o mesmo obxecto. Consecuentemente, mentres non se poida inscribir rexistralmente a nova concesión, non se poderá inscribir a hipoteca.

A solicitante manifesta no seu escrito de data 16 de outubro que para facer efectivo o seu dereito de hipotecar a concesión, todas as entidades bancarias e financeiras esixen que no correspondente asento do Rexistro da Propiedade conste inscrito título concesional a favor do concesionario WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 e que sobre os predios e dereitos inscritos afectos á concesión non conste inscrita ningunha carga ou gravamen. Ademais a hipoteca é un dereito real de constitución rexistral.

Esta Administración non pode obviar que esta situación xera á solicitante inseguridade xurídica e fai inviable calquera investimento nunha nova concesión. A viabilidade da nova concesión é de interese público para esta Administración municipal.

Á vista do anterior, a execución do acordo da Xunta de Goberno local do 30 de agosto de 2019 de “*proceder á formalización do contrato*”, podería causar á adxudicataria solicitante prexuízos de difícil ou imposible reparación, ao imposibilitarlle o exercicio dun dereito recoñecido na lexislación aplicable e nos pregos como é o de hipotecar a concesión.

O **órgano competente** para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Autorizar a constitución de hipoteca sobre a concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) solicitada por D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190042213, condicionada á formalización do contrato e ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O dereito real de concesión administrativa só poderá ser hipotecado como garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.*
- A hipoteca deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.*

2º.- Desestimar a solicitude formulada por D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190042213, de cancelación das anotacións preventivas referidas ao proceso concursal da extinta entidade concesionaria que constan nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 polos motivos indicados neste informe.

3º.- Acceder ao solicitado por D^a. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190161618, e acordar a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449), en tanto non se removan os obstáculos que impiden o acceso ao Rexistro da Propiedade da nova concesión”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(922).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB MARÍTIMO DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DO “TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO E VELA 2019”. EXPTE. 18950/333.

Visto o informe xurídico de data 11/10/19, e o informe de fiscalización do 18/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/10/19, asinado polo xefe do Servizo de



Concello de Vigo

Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor do Club Marítimo de Vigo por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.22 polo desenvolvemento de eventos deportivos.

O “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2019” desenvolveuse os días 14, 15, 21 e 22 de Maio de 2019.

O evento, organizado polo Club Marítimo de Vigo, entidade que ostenta os dereitos da competición, contou con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

A entidade organizadora do evento deportivo, acreditou que ostenta os dereitos de organización do devandito evento na cidade de Vigo tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2019”, segundo o orzamentgo presentado pola entidade Club Marítimo de Vigo, ascenderon a un total de 16.700,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O réxime xurídico de aplicación do presente informe proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.22 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 10.000,00 (Dez mil euros), para o “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2019”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade deportiva organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento, pois é a única que ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

Enténdese que o desenvolvemento e “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2019” xerou un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

A celebración do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2019”, converteu á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención da vela no ámbito nacional, cunha enorme repercusión, dada a participación de 135 barcos e 1300 palistas da Comunidade Autónoma de Galicia e Portugal. Por outra banda as competicións que conformaron o “Trofeo Concello de Vigo” formaron parte de competicións de nivel oficial e puntuables para os distintos campionatos das súas respectivas categorías. Por todo o referido, a celebración deste evento reforzou á cidade de Vigo como referencia no deporte da vela e do piragüismo e punto de confluencia de numerosos regatistas e piragüistas. Asemade, a afluencia de visitantes de toda Galicia e Portugal, supuxi unha oportunidade para a promoción da cidade de Vigo.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte da vela. Considérase que a organización de este evento permitiu reforzar o compromiso coa sociedade, permitindo coñecer ó público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, visualizacións en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 17.050,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan por importe de 10.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 58,65 % do total do gasto previsto.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e*



Concello de Vigo

aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a tramitación dunha proposta de subvención a favor do Club Marítimo de Vigo para a realización do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2019”.

A lexislación aplicable, para este informe proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Marítimo de Vigo é a entidade que posúe os dereitos da competición, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

A Vixencia desta proposta de subvención é polo evento deportivo do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo ata o 1 de decembro de 2019.

Primeiro.-

I.-O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar no desenvolvemento do evento deportivo do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela” organizada polo Club Marítimo de Vigo. A entidade tivo os dereitos de organización en exclusiva do Evento deportivo.

Esta entidade, plantexou un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converteu á cidade de Vigo no centro de atención nacional da modalidade de vela. Na subvención concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se tratou dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que contou cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostentou os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude.

II.-O Club Marítimo de Vigo organizou os días 14, 15, 21 e 22 de maio de 2019, o Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela, cun valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel internacional, e que confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O desenvolvemento deste Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela xerou un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

A celebración do Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela, converteu á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención da vela no ámbito nacional, cunha enorme repercusión, dada a participación 135 barcos e 1300 palistas da Comunidade Autónoma de Galicia e Portugal, e asistencia de mais de un importante volume de público, tendo en conta ademais que a vela constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, e converteu ó Club Marítimo de Vigo nun referente da vela, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo fora, durante a súa celebración, o epicentro da vela.

A organización deste evento permitiu reforzar o compomiso coa sociedade e dar a coñecer o público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, ca repercusión mediática nos medios de comunicación, visualizacións en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico.

III.-No exercicio das súas atribucións en materia deportiva, atribuídos a administración no artigo 25.2.I da lei LBRL, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza un amplo abanico de eventos deportivos de gran nivel internacional e nacional.



Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos de gran nivel internacional no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento de grandes eventos deportivos na cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.22 de eventos deportivo, dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 10.000,00 (Dez mil euros), para o “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela”

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, e ca base 38º das Bases de Execución do Concello de Vigo de 2019, onde se establece que un dos procedementos para a súa concesión son as “subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio ou sen convenio”.

VI.- Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18950/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Marítimo de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base ás seguintes consideracións:

Primeiro.- O Concello de Vigo, comprométese a:

1º.- Conceder directamente Club Marítimo de Vigo unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.22 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co evento deportivo do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á aprobación do expediente de subvención na xunta de goberno local mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Segundo.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Cuarto.- A beneficiaria non puido subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Quinto.- A beneficiaria acreditará haber dado a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sexto.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente e o 1 de decembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais polo importe total do orzamento do evento.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se



Concello de Vigo

admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste .

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Sétimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Oitavo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Noveno.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo primeiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo terceiro.- A vixencia do presente abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente de subvención pola Xunta de Goberno Local e ata o 1 de decembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo cuarto.- Infórmase a beneficiaria de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente , a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Décimo quinto- A concesión da subvención obxecto do presente informe proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste ; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sexto- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencions para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor do Club Marítimo de Vigo pola organización do Evento deportivo “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela” que se celebrou os días 14, 15, 21 e 22 de maio de 2019, de acordo coas condicións e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28,1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencións de Galicia.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor do Club Marítimo de Vigo co CIF nº G-27780535 e enderezo social en Portocultura-Dársena Pesquera II do porto de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18950/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.22 “subvencións a eventos deportivos” do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(923).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2019. EXPTE. 18979/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xullo, agosto e setembro do ano 2019, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO DO CONTRATO/PARTIDA-DOC. CONTABLE	ADXUDICATARIO/A	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3140-611	Servizo de ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN INFORME SOBRE O CONSUMO	ANA BELÉN ALBO LÓPEZ	05/08/19	30/12/19	9.922,00 €

EXPTE NÚM.	OBJECTO DO CONTRATO/PARTIDA-DOC. CONTABLE	ADJUDICATARIO/A	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
	MENSUAL DE ENERXÍA TÉRMICA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E ESTUDIOS PREVIOS PARA A ELABORACIÓN DOS PPT PARA O MANTEMENTO E CAMBIO DE SALAS TÉRMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Partida: 3420.2270600 ADM núm. 57511	(36074073E)			
3072-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE FONTANERÍA PARA A REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE CORUXO, CARBALLAL, SAMIL, ETEA E PISTA VERMELLA (C.D.M. TRAVESAS) Partida: 3420.2120000 ADM núm. 62878	COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL (B36739233)	01/07/19	30/11/19	3.874,78 €
3077-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE FONTANERÍA PARA O MANTEMENTO EDIFICACIÓNS SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Partida: 3420.2120000 ADM núm: 49455	COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL (B36739233)	08/07/19	30/12/19	6.500,00 €
3170-611	REPARACIÓN MAQUINARIA DE XARDINERÍA Partida: 3420.2130000 ADM núm: 62925	COMERCIAL BUGARÍN, SLU (B36455525)	29/08/19	30/12/19	945,40
3121-611	REALIZACIÓN DE OBRAS NO PECHE DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA Partida: 3420.2100003 ADM núm: 51947	CONSTRUCIONES O PAZO MUIÑOS, SL (B36991164)	22/07/19	30/09/19	834,90 €
3207-611	Servizo de reparación de goteiras	Construccion	30/09/19	30/11/19	580,80 €



Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO DO CONTRATO/PARTIDA-DOC. CONTABLE	ADXUDICATARIO/A	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
	na pista e limpeza dos canais no pavillón municipal do Calvario Partida: 3420.2120000 ADM núm: 69712	es O Pazo Muiños, SL (B36991164)			
3162-611	SUBMINISTRO DE REDES, CABLES, TENSORES, BRIDAS E FIO, PARA A REALIZACIÓN DE MANTEMENTOS PUNTUAIS DE REDES DETERIORADAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS Partida: 3420.2100001 ADM núm: 61080	EFFECTOS NAVALES JESÚS BETANZOS, SL (B36784270)	14/08/19	30/12/19	2.000,00 €
3150-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN E REPARACIÓN ELÉCTRICAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMPAIO Partida: 3420.2130002 ADM núm: 57522	ELECTRICIDAD REMESEIRO, SL (B36624815)	02/08/19	20/08/19	618,18 €
3168-611	SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMIL Partida: 3420.2279915 ADM núm: 62847	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS JOMAGAR, SL (B94071388)	30/08/19	31/12/19	375,10 €
18374-333	Subministro equipacións co logo do Concello de Vigo para XIII Xogos do Eixo Atlántico 2019 Partida: 3410.2260903 ADM núm. 50083	INTERSPORT EXPANSIÓN, SLU	15/07/19	30/12/19	4.389,40 €
3171-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DEPORTIVO ELECTRÓNICO PARA A PRÁCTICA DO BALONCESTO DE COMPETICIÓN NO PAVILLÓN CENTRAL DAS TRAVESAS	MONDO IBÉRICA, SAU (A50308139)	29/08/19	30/09/19	17.692,62 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO DO CONTRATO/PARTIDA-DOC. CONTABLE	ADXUDICATARIO/A	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
	Partida: 3420.6290000 ADM núm: 62851				
3120-611	SERVIZO DE REPARACION DE CALDEIRA NO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE SAMIL Partida: 3420.2130001 ADM núm: 51946	OTEYCO MANTENIMIENTOS, SL (B36891646)	10/07/19	01/08/19	344,85 €
3206-611	Servizo de reparacion da caldeira situada nas instalacións de Travesas, A Bouza, Pistas de Atletismo Balaidos e Bouzas Partida: 3420.2130001 ADM núm: 68739	OTEYCO MANTENIMIENTOS,SL (B36891646)	25/09/19	30/10/19	3.490,85 €
3163-611	SUBMINISTRO DE ASENTOS PARA GRADERÍO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO MEIXOEIRO PARA REPOSICIÓN DOS DETERIORADOS Partida: 3420.2120000 ADM núm: 60444/63332	PUNTO DE PORTE ASESORES, SL (B36878171)	02/09/19	30/09/19	416,48 €
3161-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE DESBROCES NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DO MEIXOEIRO E SÁRDOMA Partida: 3420.2100003 ADM núm: 60923	RAICES DE GALICIA, SL (B36752996)	14/08/19	30/09/19	2.020,70 €
3175-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE REPOSICIÓN DUNHA TUBERÍA DE ACOMETIDA NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMPAIO Partida: 3420.2100001 ADM núm: 62873	SANTIAGO PÉREZ FILGUEIRA (36093585F)	29/08/19	30/09/19	1.849,79 €
3160-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REPARACIÓN DUNHA SAUNA NO PAVILLÓN	SAUNAS AVIL, SA (A05024252)	14/08/19	30/09/19	590,48



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO DO CONTRATO/PARTIDA-DOC. CONTABLE	ADXUDICATARIO/A	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
	MUNICIPAL DO CARME Partida: 3420.2130000 ADM núm: 60442				
3075-611	SERVIZO PARA REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS ELÉCTRICAS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE NAVIA E NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO CARBALLAL Partida: 3420.2130002 ADM núm: 48026	SIELVIGO, SL (B36823227)	03/07/19	30/09/19	7.042,20 €
3159-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DUN MARCADOR ELECTRÓNICO SITUADO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO MEIXOEIRO Partida: 3420.2130000 ADM núm: 60441 /68624	STEREO, SLU (B36603793)	19/09/19	30/09/19	730,93 €
3199-611	Contratación dunha poliza de seguro colectivo de accidentes para o programa municipal de Escolas Deportivas – curso 2019/2020.- Partida: 3420.2260901 ADM núm: 68214	Surne Mutua de Seguros y Reaseguros a prima fija (V48083521)	25/09/19	31/12/19	6.000,00 €
3208-611	Servizo de reparación de porterías Campo de Fútbol municipal de Carballal Partida: 3420.2120000 ADM núm: 68736	Vilanova, Rodriguez y Castro, SL (B36529766)	26/09/19	30/10/19	1.040,60 €
3209-611	Servizo de reparación de porterías no campo de fútbol municipal de Bouzas Partida: 3420.2120000 ADM núm: 68738	Vilanova, Rodriguez y Castro, SL (B36529766)	26/09/19	30/10/19	2.988,70 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(924).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS NA CIDADE DE VIGO EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18228/333.

Visto o informe de fiscalización de data 18/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, o concelleiro-delegado de Deportes, e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 18228/333 sobre a proposta de resolución das Bases e a Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións de alto nivel na tempada deportiva 2018/2019, tendo en conta que detectouse un erro na transcripción dos datos vinculados cos solicitantes, unha vez corrixido o mesmo e reformuladas as puntuacións e importes propostos, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 03 de outubro de 2019 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo da área de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os as actividades da tempada 2018-2019, e que se establecen do seguinte xeito:

a) Nivel da competición.

- Campionato do Mundo: Ata 20 puntos.
 - Categoría absoluta: 10 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 5 puntos por campionato.
- Campionato de Europa: Ata 10 puntos.
 - Categoría absoluta: 5 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 4 puntos por campionato.
- Outras competicións oficiais de ámbito internacional (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...): Ata 5 puntos.
 - Categoría absoluta: 2,5 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 1,5 puntos por campionato.



Concello de Vigo

- Campionatos de España: Ata un máximo de 2 puntos.
 - Categoría absoluta: 1 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 0,5 puntos por campionato.
 -

b) Rendemento deportivo: Segundo o posto acadado nas competicións nas que participe: No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, terase en conta o resultado que outorgue unha maior puntuación.

	Cto. España		Outras compet. Intnais		Cto. Europa		Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	2 puntos	1,5 puntos	3 puntos	2 puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	10 puntos
5º a 8º Posto	1 puntos	0,5 puntos	1,5 puntos	1 puntos	8 puntos	4 puntos	15 puntos	7,5 puntos
Participación	- puntos	- puntos	1 puntos	0,5 puntos	3 puntos	1,5 puntos	6 puntos	3 puntos

c) Ámbito territorial do desprazamento: Valorarase o desprazamento a cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.

	Outras compet. Intnais. e Cto. España	Cto. Europa	Cto. Mundo
España/Portugal	1 punto	5 puntos	6 puntos
Resto do Mundo	2 puntos	10 puntos	12 puntos

d) Duración do Campionato: Valorarase a duración de cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. En todos os casos, computará como primeiro día de competición o día anterior ó inicio oficial da participación do/da deportista na mesma, ata o último día oficial de competición oficial.

- Campionato do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 1 punto

- Resto do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- Campionato de Europa: Ata un máximo de 10 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 5 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 10 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- Outras competicións oficiais Internacionais de alto nivel (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuitos oficiais...): Ata un máximo de 6 puntos.
 - España/Portugal: Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 3 puntos. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.
 - Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.

A esta convocatoria presentáronse un total de 21 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 18 e rexeitáronse 3 polos motivos detallados no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de solicitantes é de 977 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 51,18 €.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado ou o importe máximo correspondente por tipo de competición ou por deportista, o que provoca, nalgúns dos casos, un axuste á baixa na subvención proposta para eles/as inicialmente.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/ha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso.

Os/as solicitantes de subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada un/unha dos/as solicitantes admitidos. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada solicitante e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 977 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 51,18€. Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes



Concello de Vigo

en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado ou o importe máximo correspondente por tipo de competición ou por deportista, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta para eles/as inicialmente.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar empadroados en Vigo desde o mes xaneiro de 2019 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 5ª.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.-Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2018/2019 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 34.853,88€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento do 2019.

2.-Rexeitar as solicitudes dos seguintes solicitantes pola seguinte causa:

3.Por non cumprir o requisito establecido no apartado 5.6 da base 5ª das da convocatoria, competindo cunha licenza vinculada a unha entidade con sede social fora da cidade de Vigo.

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
J.W.P	*****35E	190131105
R.F.L	3*****3Y	190131110

4.Por non subsanar a documentación requirida no prazo establecido na base 12ª das da convocatoria:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	190131574

3.-Ampliar o prazo de xustificación das subvencións acadadas, establecido na Base 16ª da Convocatoria, do 30 de outubro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18228/333)”.

	EXPTE.	Nome e Apellidos	Modalidade	DNI/CIF	Pun- tos	Importe
1	18858-333	S.A.D	TAEKWONDO	****966**		1.136,00 €
2	18859-333	L.B.B.	JUDO	53*****T		997,95 €
3	18860-333	J.C.C	TRIAL	*****339H		1.049,13 €
4	18861-333	CLUB CIES SQUASH	SQUASH	G27869437		3.428,86 €
5	18862-333	CLUB BADMINTON CIES	BADMINTON	G36827418		2.149,44 €
6	18863-333	R.F.G.	MOTOCICLIS- MO	5***8***F		2.500,00 €
7	18864-333	J.F.F.	BADMINTON	**4**70**		1.253,84 €
8	18865-333	G.F.F.	BADMINTON	*9****02*		1.074,72 €
9	18868-333	C.G.B	TAEKWONDO	***5***5C		2.500,00 €
10	18870-333	A.L.G.	TAEKWONDO	394*****		1.055,00 €
11	18869-333	M.M.N	NATACIÓN	***17**5*		486,18 €
12	18871-333	S.M.N.	NATACIÓN	5*8*****L		204,71 €
13	18872-333	M.M.G	BADMINTON	*****6*0G		997,95 €
14	18874-333	S.R.G	TRIATLON	***37***A		2.500,00 €
15	18875-333	P.S.G.	VELA	5*****15*		972,36 €
16	18876-333	M.W.P	VELA	39*****K		2.500,00 €
17	18878-333	YIDAM	TAEKWONDO	G27782176		9.535,96 €
18	18879-333	REMO VIGO	REMO	G27852896		511,78 €
			Valor punto: 51,18€		977	34.853,88 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18228/333)”.

5. Por non cumprir o requisito establecido no apartado 5.6 da base 5ª das da convocatoria, competindo cunha licenza vinculada a unha entidade con sede social fora da cidade de Vigo.

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
J.W.P	*****35E	190131105
R.F.L	3*****3Y	190131110

6. Por non subsanar a documentación requirida no prazo establecido na base 12ª das da convocatoria:



Concello de Vigo

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	190131574

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(925).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO DE COIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019”. EXPTE. 9161/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación Veciñal Camiño Vello de Coia, CIF: G36648186, expediente 9161-224, foille concedida unha axuda por importe de 494,10 € para a realización do proxecto “Restauración e decoración de mobles”.

Con data 17 de outubro de 2019, a entidade Asociación Veciñal Camiño Vello de Coia, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190162500).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación Veciñal Camiño Vello de Coia, CIF: G36648186,, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(926).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9563/224.

Visto o informe xurídico de data 14/10/19, e o informe de fiscalización do 15/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/19, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Igualdade e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da *Rede Municipal de Vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero* ten como obxectivo principal ofrecer ás mulleres beneficiarias do dispositivo, e persoas delas dependentes, axuda e apoio no ámbito da educación familiar e social co fin de contribuír ao desenvolvemento das ferramentas e recursos necesarios que lles permita levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto da violencia. As usuarias da Rede reciben apoio social e familiar da figura co perfil profesional de Educación Sociofamiliar que intervirá e acompañará ás usuarias deste dispositivo na consecución dos obxectivos sociais, psicolóxicos e xurídicos da unidade familiar beneficiaria, establecidos no proxecto de intervención de cada usuaria.

. Desde o Servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP por procedemento aberto simplificado. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adxudicación, conforme o establecido nos artigos 156 e 145 da LCSP. Informe de data 02.10.2019 e incorporado ao expediente.

.Consta no expediente Resolución de data 02.10.2019 da concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente.

. Este órgano xestor incorpora ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de Prescricións Técnicas, asinado en data 04.10.2019, incorporando no seu anexo o informe da anterior adxudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo en cumprimento da obriga disposta no artigo 130 da LCSP.
- Memoria Xustificativa asinado en data 08.10.2019.
- Informe complementario xustificativo dos criterios de avaliación, asinado en data 08.10.2019.

. En data 08.10.2019, o servizo de Contratación emite informe favorable sobre comprobación da documentación esixida pola normativa, e asina e incorpora ao expediente o prego de prescricións administrativas particulares (PCAP).

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración dun ano, coa posibilidade de realizar como máximo 2 prórrogas, cunha duración de un ano cada unha.



Concello de Vigo

Segundo se motiva na memoria xustificativa, o importe do contrato (sen IVE) é de 28.709,98 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas e a posible modificación do contrato prevista, é de 91.871,94 €.

O prezo do contrato (1 ano de duración) é de 34.739,08 € que inclúe un IVE de 6.029,10 €.

O prezo unitario con IVE será de 36,19 €/hora, que será aplicable só para os efectos de modificación do contrato, ao que lle aplicará a correspondente baixa achegada pola adxudicataria.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da partida orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019 e 2020, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2019 imputarase 2.894,92 € e no exercicio 2020: 31.844,16.

Normativa de aplicación:

- Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto simplificado que rexerán esta contratación.

Polo exposto, e previo informe favorable do servizo de Contratación, Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.

2º.- Autorizar o gasto de 34.739,08 € para a contratación da xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á partida presupostaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2019 e 2020, desglosado do seguinte xeito: 2.894,92 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2019 e 31.844,16 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2020, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Programa de educación familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero de data 08.10.2019, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 04.10.2019.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(927).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EN MATERIA MEDIOAMBIENTAL”. EXPTE. 11894/306

Dáse conta do informe-proposta de data 18/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 3 de xuño de 2016, aprobou o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Mancomunidade de Montes de Vigo que establece un marco de colaboración mutua no desenvolvemento de actividades ou accións en materia medioambiental segundo expediente número 11894/306.

O convenio foi asinado por ámbalas dúas partes en data do 27 de outubro de 2016, día a partir do cal comezou a súa vixencia. Tiña unha duración de dous anos e con posibilidade de prórroga ana a ano por dous anos máis.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 11/10/2018, acordou a prórroga por un ano do convenio, ata o 27 de outubro de 2019.

D. Uxío González Pérez como presidente da Mancomunidade de Montes de Vigo presentou escrito no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo en data do 17/10/2019 (doc. 190162429), solicitando a segunda prórroga do citado convenio.

Fundamentos de dereito



Concello de Vigo

Primeiro.- O convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Mancomunidade de Montes de Vigo, encádrase dentro das competencias propias da Administración municipal ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados a), b), l) da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade coa lexislación do estado e da comunidade autónoma de Galicia, que atribúe competencias na protección do medio ambiente urbano, protección do solo, salubridade, ocupación do tempo de lecer.

A Mancomunidade de Montes de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a tódalas Comunidades de Montes da cidade de Vigo, ás que representa na defensa dos intereses que lles son comúns, cuxo obxectivo fundacional é a defensa e mellora dos montes das entidades de Vigo, nos seus aspectos económicos, sociais, ecolóxicos, culturais e de relación.

O entorno urbano e periurbano do Concello de Vigo está rodeado de montes de singular importancia tanto para súa flora, fauna silvestre, como polas súa paisaxe, de titularidade, na súa meirande parte, de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

Estes espazos considéranse de interese para a levar a cabo programas e actividades de sensibilización ambiental, de educación ambiental, de ocupación do tempo de lecer en actividades vinculadas ao medio ambiente, na promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos solos, dos recursos existentes no medio, tanto urbano como rústico ou natural, dos residuos, da reciclaxe e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

Neste sentido o obxectivo do convenio era establecer un marco de colaboración entre a Administración municipal e a entidade Mancomunidade de Montes de Vigo, en actividades cuxa finalidade é a protección do medio ambiente, salubridade pública e ocupación do tempo de lecer en actividades medioambientais, quedando as concretas accións ou actividades que se desenvolvan suxeitas á aprobación dos programas ou actividades na forma legalmente previstas e de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Nos últimos tres anos e en desenvolvemento do citado convenio, leváronse a cabo diversas actividades medioambientais co colaboración de ambas partes:

- Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, con diversas andainas polos montes de Vigo.
- Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros ou roteiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.
- Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal.
- Protección de animais no termo municipal.
- Limpeza e salubridade de fincas, co obxecto de evitar incendios e cuestións de insalubridade pública en relación cos vertidos, residuos, pragas...

Considerase de interese continuar co desenvolvemento destas accións que redundan en beneficio do interese público xeral.

Segundo.- A cláusula terceira do citado convenio establece:

“A vixente e duración do presente convenio será de dous anos a partir da súa sinatura e poderá prorrogarse ano a ano por dous anos máis, por mutuo acordo expreso das partes que deberá adoptar cada ano e antes da finalización do convenio.”

Por tanto, o convenio asinouse o 27 de outubro de 2016, polo que tiña unha vixencia ata o 27 de outubro de 2018. A Xunta de Goberno Local en sesión do 11/10/2018, acordou a primeira prórroga do convenio ata o 27 de outubro de 2019. Agora, pode acordarse unha segunda e derradeira prórroga dun ano ata o 27 de outubro de 2020, acordo que deberá adoptarse antes da súa finalización.

A Mancomunidade de Montes de Vigo presentou escrito aceptando a segunda prórroga do contrato, as cales deberán efectuarse ano a ano, habida conta do establecido expresamente na cláusula terceira do citado convenio.

Por outra banda, o réxime xurídico aplicable ó convenio que os ocupa ao tempo da súa subscripción, constituído polos artigos 88.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 4.2. e 25 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), non impide a prórroga do convenio.

Tamén, a vixente normativa reguladora dos convenios de colaboración -caso que nos ocupa- contempla a posibilidade de prórroga deste convenio, artigos 47.2.c), 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación cos artigos 6.2. e 34 da LCSP,

A prórroga do convenio non implica gasto ningún para o Concello de Vigo.

Polo exposto, non se observa impedimento legal na prórroga do citado convenio de colaboración que deberá adoptarse antes da súa finalización, o vindeiro 27 de outubro de 2019.

É competente para a aprobación da prórroga do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a segunda e derradeira prórroga por un ano, ata o 27 de outubro de 2020, do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Mancomunidade de Montes de Vigo que establece un marco de colaboración mutua no desenvolvemento de



Concello de Vigo

actividades ou accións en materia medioambiental aprobado pola Xunta de Goberno Local en data do 3 de xuño de 2016, asinado polas partes o 27 de outubro de 2016, en virtude dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva deste acordo (expte. 11894/306).

Segundo.- Notificar este acordo a Mancamunicade de Montes de Vigo, informándolle que consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(928).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7889/307.

Visto o informe xurídico do 7/10/19 e o informe de fiscalización do 14/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 19/09/19, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira de Patrimonio Histórico e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de data 28 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, o procedemento aberto para a contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 192.140,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.346,61 euros.
- Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía A, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 468 frecuencias.
- Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía B, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 520 frecuencias.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi asinado con data 24 de novembro de 2016, e a cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas recolle o seguinte: “o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.”

O apartado 4.C da FEC sinala que están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 18 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

“APROBAR A PRÓRROGA DUN ANO DO CONTRATO DE SERVIZOS DO MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO (exp. 7889-307).

Con data 28 de agosto de 2019, a empresa adxudicataria presenta un escrito no que amosa a súa conformidade coa segunda prórroga do contrato.

O artigo 23.2 do RDL 3/2011 establece que é competencia do órgano de contratación acordar a prórroga dos contratos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- 1.Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 2.Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 3.Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- 4.Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- 5.Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

1.- APROBAR A SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO (exp. 7889-307).

2.- AUTORIZAR O GASTO:

A) Presuposto total dun ano de prórroga do contrato: 96.070 euros.

B) IVE a soportar pola Administración: 16.673,31 euros.

C) Valor estimado da prórroga do contrato: 96.070 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2019: 8.005,83 euros

Ano 2020: 88.064,17 euros

Aplicación orzamentaria: 3360.2100001 MANTENIMENTO CONXUNTO ETNOGRÁFICO dos orzamentos municipais vixentes.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(929).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA A DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 34719/220.

Visto o informe de fiscalización de data 15/10/19, dáse conta do informe-proposta de do 3/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 27/08/2019, a Directora da Dirección de Ingresos, coa conformidade da concelleiro-delegado Área de Orzamentos e Facenda, emite informe sobre as necesidades de persoal manifestando a urxente necesidade de dous/dúas Auxiliares de Administración Xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 20/09/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas Auxiliares de Administración Xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 23/09/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que***



Concello de Vigo

una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Directora da Dirección de Ingresos, coa conformidade do concelleiro-delegado Área de Orzamentos e Facenda, así coma na instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous/dúas Auxiliares para a Dirección de Ingresos, cód. 500, e tendo en conta o nomeamento entre o 1 de outubro de 2019 e o 31 de marzo de



Concello de Vigo

2020, supón un gasto de **23.902,20 €**, dos que 11.805,78 €, corresponden ao presente exercicio e, 12.096,42 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.699,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 3.803,28 €, corresponden ao presente exercicio e 3.896,28 € ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (3 meses) e ao vindeiro ano 2020 (3 mes).

A aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT, por importe de **12.096,42 €**

En resumo, as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 1.009.558,03 €, 2021, por un total de 96.885,16 € e, 2022, por un total de 24.214,46 €, respectivamente.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral, existes listaxes viventes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares de Administración Xeral a D^a. GARCÍA VILLASANDE, J. M. con DNI ***5128** e D. IGLESIAS LAMEIRO. B. con DNI ***9244**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e viventes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos

de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dpus funcionarios interinos por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Admón. Xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da Dirección de Ingresos contidas no escrito de data 27/08/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.902,20** €, dos que 11.805,78 €, corresponden ao presente exercicio e, 12.096,42 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.699,56** € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 3.803,28 €, corresponden ao presente exercicio e 3.896,28 € ao vindeiro exercicio 2020, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Auxiliares Admón. Xeral** a D^a. GARCÍA VILLASANDE, J. M. con DNI ***5128** e D. IGLESIAS LAMEIRO. B. con DNI ***9244**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos/as a Dirección de Ingresos (cód. 500), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á directora de dirección de ingresos, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso



Concello de Vigo

contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(930).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO ÁS PRAZAS DE BOMBEIRO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POLA QUENDA LIBRE CORRESPONDENTES Á OEP 2014-2015-2016. EXPTE. 34862/220.

Visto o informe de fiscalización de data 18/10/19, dáse conta do informe-proposta do 3/10/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro de 2014, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015).

Así mesmo, en sesión de data 30 de decembro de 2015, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2015 (publicación no BOP do 26/01/2016 e no DOG de 10/02/2016).

Por último, en sesión de data 8 de abril de 2016, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2016 (publicación no BOP do 27/04/2016 e no DOG de 06/05/2016).

En sesión da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2016 modificouse a dita Oferta de Emprego Público 2016 (publicación no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016).

2. As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran as Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 aprobáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de febreiro de 2018, tendo sido publicadas no BOP do 26/03/2018. Así mesmo publícase unha rectificación de erros nas bases no BOP do 07/06/2018, por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/05/2018. O anuncio breve das bases e a súa rectificación publícase no DOG de 25/06/2018.

3. Foron convocadas, entre outras, dez prazas de bombeiro, incluídas no Subgrupo C2 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: extinción de incendios; categoría, bombeiro; quenda de acceso: libre.

4. De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base Décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez achegada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, debendo superar un curso

teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

5. En data 21 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Bombeiro**, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
1	GARCÍA ALONSO	ÁLVARO	5***8*67*	26,633
2	ESTÉVEZ ENRÍQUEZ	CRISTIAN	*61*57***	26,004
3	BUJÁN PUENTES	PAULO	4**7*4*2*	25,841
4	ROMERO GARCÍA	CARLOS	3**562***	25,322
5	GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	***58*79*	24,302
6	ARNEJO CASANOVA	SANTIAGO RUBÉN	327*9****	23,788
7	GONZÁLEZ FONTÁN	MAURO	*48*87***	23,747
8	ABEIJÓN ARES	JUAN	5**98**9*	21,824
9	VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	**1843***	21,185
10	SERRANO LÓPEZ	ANTONIO	**1817***	20,122

“

6. En data 26 de febreiro de 2019, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolveu:

“Primeiro.- Constituír unha Comisión especial de valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de dez funcionarios de carreira con cargo ás prazas de bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, aos aspirantes que, tendo aprobada a oposición e foron nomeados en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2019, unha vez superen o curso selectivo contemplado na base VII das específicas”.

7. En data 16 de outubro de 2019 a Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de bombeiro incluídas na Oferta de Emprego Público 2014-2015-2016 a:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
1	GARCÍA ALONSO	ÁLVARO	***7896**	26,633
2	ESTÉVEZ ENRÍQUEZ	CRISTIAN	***6570**	26,004
3	BUJÁN PUENTES	PAULO	***7840**	25,841
4	ROMERO GARCÍA	CARLOS	***5628**	25,322
5	GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	***5857**	24,302
6	ARNEJO CASANOVA	SANTIAGO RUBÉN	***0904**	23,788
7	GONZÁLEZ FONTÁN	MAURO	***7878**	23,747
8	ABEIJÓN ARES	JUAN	***9840**	21,824
9	VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	***8438**	21,185
10	SERRANO LÓPEZ	ANTONIO	***8177**	20,122



Concello de Vigo

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 18/06/2019 e acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Bombeiro** incluídas na OEP 2014-2015-2016, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, ordinaria, de data 21 de febreiro de 2019, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
1	GARCÍA ALONSO	ÁLVARO	***7896**	26,633
2	ESTÉVEZ ENRÍQUEZ	CRISTIAN	***6570**	26,004
3	BUJÁN PUENTES	PAULO	***7840**	25,841
4	ROMERO GARCÍA	CARLOS	***5628**	25,322
5	GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	***5857**	24,302
6	ARNEJO CASANOVA	SANTIAGO RUBÉN	***0904**	23,788
7	GONZÁLEZ FONTÁN	MAURO	***7878**	23,747
8	ABEIJÓN ARES	JUAN	***9840**	21,824
9	VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	***8438**	21,185
10	SERRANO LÓPEZ	ANTONIO	***8177**	20,122

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(931).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14/03/2019, SOBRE GASTOS XUDICIAIS. EXPTE. 34011/220.

Visto o informe do 14/10/19, asinado polo xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, o informe de fiscalización do 17/10/19, dáse conta do informe-proposta do 11/10/19, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 180123483) o efectivo municipal (funcionario/a de carreira do Concello de Vigo) con nº de persoal 77.549 e DNI nº 3*08***2 *, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrucción nº 7 de Vigo, tendo sido dictado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e o arquivo das actuacións.

A Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado de Instrucción nº 7 de Vigo certificou na data 28/02/2018 a firmeza do auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.

2.- O importe solicitado ascendía a unha contía de 14.943,91 euros, téndose aportado a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante. Factura A-0000607 en concepto de poder para pleitos (45,14 euros); Factura nº 121 do procurador (378,77 euros); Factura nº 36-1/15 en concepto de provisión de fondos (2.000 euros); e Factura nº 14/18 de honorarios de avogado (12.520 euros descontado os 2.000 euros de provisión de fondos).

3.- Solicitado informe a Asesoría Xurídica Municipal, os mesmos foron emitidos (trámites 20 e 23 do expte de referencia) entendendo necesaria unha xustificación e consideración da contía reclamada, en relación á aplicación do baremo colexial, que como referencia orientativa daría como resultado a cantidade de 4.416,50 € salvo erro ou omisión.

4.- Mediante dilixencia de data da sinatura electrónica, se require ao solicitante que xustifique a contía da factura en relación coa aplicación do baremo colexial.

5.- Na data 15/10/2018, preséntase escrito no que se xustifican os honorarios na gravidade e multiplicidade dos delitos imputados, ao tempo de desenvolvemento do traballo (tres anos), a necesidade de análise de 30 tomos de sumario, 20.000 folios, os escritos e recursos presentados, dilixencias, atención ao cliente, entre outros (nº documento 180165437).



Concello de Vigo

6.- Solicitado á vista das alegacións, novo informe a Asesoría Xurídica, se emite en data 09/01/2019 nos seguintes termos:

“A Asesoría Xurídica non é un órgano propoñente nin substituto do servizo xestor. Con todo, xa en dúas ocasións informamos con carácter non preceptivo, con datas do 23/08/2018 e 17/12/2018, para subministrarlles os elementos de xuízo precisos que coadruven a elaborar e formar a opinión fundada do servizo xestor (a maiores de anteriores informes nos que sinalábase a conveniencia do establecemento de pautas para este tipo de indemnizacións en materia de persoal). Non existe unha proposta de resolución para avaliar e sobre á que emitir un resultado ou ditame favorable ou desfavorable, este resultado dependerá da valoración dos feitos e das razóns e motivación que se leve a cabo no informe-proposta. O informe da Asesoría Xurídica é previo ao de fiscalización e á adopción do acordo ou resolución que proceda pero en todo caso posterior á proposta de resolución do expediente que elabora o servizo xestor, pois carécese de proposta á que prestar conformidade ou sobre a que emitir o informe no sentido pretendido. Así pois, neste caso non figura no expediente administrativo que se remite proposta de resolución do servizo xestor, a diferenza doutros expedientes (vid. exptes 29765/220, 31518/220, 31275/220, nos que consta informe xurídico con proposta de resolución redactado con toda normalidade polo departamento de Recursos Humanos con carácter previo aos informes da Asesoría e da Intervención).”

7.- Á vista da tramitación realizada, en data 14/03/2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“PRIMEIRO.- Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento parcial dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 77549 e DNI nº 3*08***2 *, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, a firmeza do auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.

Os gastos a aboar concréntanse nun importe total de **4.840,41 €**. Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Acordar que se proceda ao inicio de expediente tendente á definición e establecemento de criterios reguladores da defensa xurídica e asistencia letrada do persoal municipal, en aplicación do disposto no artigo 36 do Acordo Regulador, aos efectos do cal trasládese o presente acordo á titularidade de Asesoría Xurídica e a xefatura de Recursos Humanos e Formación para a realización das actuacións oportunas.

TERCERO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

8.- En documento nº 190056392 o funcionario reclamante presenta recurso de reposición contra o citado acordo da Xunta de Goberno Local, xustificándoo esencialmente nos precedentes administrativos de expedientes similares, e aportando copia dos acordos da Xunta de Goberno Local (entre outros, acordos da Xunta de Goberno Local de 30/08/2018 -expediente nº 1709/1101- e de 08/11/2018 -expedientes nº 1883/1101 e 1887/1101-, relacionados co mesmo procedemento xudicial).

9.- Efectuada consulta ao Ilustre Colexio de Avogados de Vigo en data 03/05/2019, recíbese resposta o 12/06/2019, incorporada ao expediente electrónico, á vista do cal procede a análise do recurso presentado.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a exlimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002 establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.



Concello de Vigo

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias” anexo ao expediente, do que destacamos ... “Cando se aprecie que a contía da factura exceda inxustificadamente o orzamento inicial ou poida incorrer en honorarios excesivos ou indebidos poderá suspenderse o procedemento para subsanación e xustificación (poderendo fixarse, por acordo xeral, cantidades de referencia ou máximas conforme aos baremos de honorarios colexiais ou outros criterios obxectivos).”

As ditas cantidades están sometidas a control interno de conformidade cos artigos 214 e ss do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que permita verificar e controlar o gasto, que existe crédito ou consignación orzamentaria.

V.- Na resposta á consulta formulada ao Ilustre Colexio de Avogados de Vigo se sinala, entre outros aspectos, que **“entre avogado e cliente poden pactarse os honorarios que se consideren oportunos, sen suxeición a ningún baremo ou norma profesional”**, efectuándose unha referencia expresa á Xurisprudencia do Tribunal Supremo en materia de impugnación de honorarios de letrados por excesivos (en concreto, ATS de 7 de xuño do 2017) indicándose que neste punto **“debe atenderse a todas as circunstancias concurrentes, tales como el traballo realizado en relación con el interés y cuantía económica del asunto, tiempo de dedicación, dificultades del escrito de impugnación o alegaciones, resultados obtenidos, etc, sin que por tanto sean determinantes por sí solos ni la cuantía ni los criterios del colegio de abogados, precisamente por ser éstos de carácter orientador”**.

No presente suposto, xustifícanse os elevados honorarios nas circunstancias seguintes:

- a gravidade e multiplicidade dos delitos imputados,
- o tempo de desenvolvemento do traballo (tres anos),
- a necesidade de análise de 30 tomos de sumario (20.000 folios),
- os escritos e recursos presentados, dilixencias, atención ao cliente, entre outros.

A resposta á consulta formulada por este Concello, así como os acordos da Xunta de Goberno Local existentes e referenciados no antecedente 8 do presente informe-proposta, xustifican a procedencia de estimación do recurso presentado, a fin de evitar a desigualdade susceptible de xenerarse pola disparidade de criterios entre dous centros xestores diferentes e independentes entre si como son a Secretaría Xeral do Pleno -encargada da xestión dos gastos xudiciais dos membros da Corporación Local- e a Área de Recursos Humanos e Formación -centro xestor dos gastos xudiciais susceptibles de xenerarse ao persoal municipal no exercicio das súas funcións públicas-.

Para evitar que este tipo de situacións se xeren a futuro, e no horizonte de mellora na xestión administrativa desta clase de gastos, resulta imprescindible proceder á definición, establecemento e aprobación de criterios reguladores da defensa xurídica e da asistencia letrada tanto dos corporativos municipais como do persoal ao servizo do Concello de Vigo,

homoxeneizando criterios e avaliando, para o caso do persoal, a plena efectividade do disposto no artigo 36 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 28/12/1998, que garante a asistencia xurídica e defensa letrada polo Concello de Vigo a todo o persoal nos supostos, termos e condicións do previsto no precepto indicado.

VI.- Procedendo, por tanto, a estimación parcial do recurso presentado en canto ao importe total a aboar, e dado que o importe solicitado polo reclamante ascendía a unha contía de **14.943,91 euros** segundo as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo recorrente -Factura A-0000607 en concepto de poder para pleitos (45,14 euros); Factura nº 121 do procurador (378,77 euros); Factura nº 36-1/15 en concepto de provisión de fondos (2.000 euros); e Factura nº 14/18 de honorarios de avogado (12.520 euros descontado os 2.000 euros de provisión de fondos-; e toda vez que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2019 (expediente nº 32.479/220) se acordou o aboamento dun importe total de **4.840,41 €**, procede o pagamento da diferenza entre ambas contías, que se concreta no importe de **10.103,50 euros**.

VII.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 "Gastos notariais e xudiciais" dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo e preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade da Sra. Concelleira-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal nos termos do establecido en delegacións competenciais formalizadas en Decreto da Excm. Alcaldía e Acordos XGL de datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**, de resultar favorable a preceptiva fiscalización da Intervención Xeral:

"PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado polo funcionario/a municipal con nº de persoal 77549 e DNI nº 3*08***2 * (documento nº 190056392) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2019 (expediente nº 32.479/220) e en consecuencia acordar o aboamento dun importe total de 10.103,50 euros (diferencia entre o importe efectivamente aboado por orde de pago ORP DC O-01/04/19-2ELE e o importe total das facturas presentadas), de conformidade co informe-proposta e informe preceptivo de fiscalización previa, así como coa documentación obrante no expediente electrónico.

SEGUNDO.- Acordar que se proceda ao inicio de expediente tendente á definición e establecemento de criterios reguladores da defensa xurídica e asistencia letrada do persoal municipal, en aplicación do disposto no artigo 36 do Acordo Regulador, aos efectos do cal trasládese o presente acordo á titularidade de Asesoría Xurídica e á Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación para a realización das actuacións oportunas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado/a, Intervención Xeral Municipal e Asesoría Xurídica Municipal aos efectos oportunos.



Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(932).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 14/03/2019, SOBRE GASTOS XUDICIAIS. EXPTE. 34012/220.

Visto o informe do 14/10/19, asinado polo xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica, o informe de fiscalización do 17/10/19, dáse conta do informe-proposta do 11/10/19, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 180057640) o funcionario/a municipal con nº de persoal 81985 e DNI nº 3*10***8 * solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

A Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo certificou na data 24/10/2018, a firmeza do Auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **5.863 euros**, conforme ás respectivas facturas: Factura nº 120/15-B da procuradora, de data 12/10/2015 (363 euros); minutas de honorarios de avogada: minuta 023/2015-L -provisión de fondos- de data 26/10/2015 (3.080 euros) e minuta nº 2018/209-LU de data 06/04/2018 (2.420 euros).

3.- Solicitado informe a Asesoría Xurídica deste concello, constan nos trámites 14 e 15 do expediente de referencia.

4.- Mediante dilixencias de datas da sinatura electrónica, se requiriu ao solicitante para que acredite a firmeza do auto, e xustifique o ingreso das contías reclamadas. O solicitante aportou a estes efectos os documentos nº 180189304, 190001336, 190001338 e 190001339.

5.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14/03/2019 (expediente nº 32.692/220) acordou resolver a reclamación formulada no senso seguinte:

*“PRIMEIRO.- Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento parcial dos gastos xudiciais ocasionados nº de persoal 81985 e DNI nº 3*10***8 *, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional*

e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, a firmeza do auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.

Os gastos a aboar concrétanse nun importe total de 4.779,53 €

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

6.- En documento nº 190057723 o funcionario reclamante presenta recurso de reposición contra o citado acordo da Xunta de Goberno Local, xustificándoo esencialmente nos precedentes administrativos de expedientes similares.

7.- Efectuada consulta ao Ilustre Colexio de Avogados de Vigo en data 03/05/2019, recíbese resposta o 12/06/2019, incorporada ao expediente electrónico, á vista do cal procede a análise do recurso presentado.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002 establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y de-



Concello de Vigo

fensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias” anexo ao expediente, do que destacamos “... Cando se aprecie que a contía da factura exceda inxustificadamente o orzamento inicial ou poida incorrer en honorarios excesivos ou indebidos poderá suspenderse o procedemento para subsanación e xustificación (podendo fixarse, por acordo xeral, cantidades de referencia ou máximas conforme aos baremos de honorarios colexiais ou outros criterios obxectivos).”

As ditas cantidades están sometidas a control interno de conformidade cos artigos 214 e ss do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que permita verificar e controlar o gasto, que existe crédito ou consignación orzamentaria.

V.- Na resposta á consulta formulada ao Ilustre Colexio de Avogados de Vigo se sinala, entre outros aspectos, que **“entre avogado e cliente poden pactarse os honorarios que se consideren oportunos, sen suxeición a ningún baremo ou norma profesional”**, efectuándose unha referencia expresa á Xurisprudencia do Tribunal Supremo en materia de impugnación de honorarios de letrados por excesivos (en concreto, ATS de 7 de xuño do 2017) indicándose que neste punto **“debe atenderse a todas las circunstancias concurrentes, tales como el trabajo realizado en relación con el interés y cuantía económica del asunto, tiempo de dedicación, dificultades del escrito de impugnación o alegaciones, resultados obtenidos, etc, sin que por tanto sean determinantes por sí solos ni la**

cuantía ni los criterios del colegio de abogados, precisamente por ser éstos de carácter orientador”.

Debe considerarse, neste punto, o informe emitido pola Asesoría Xurídica Municipal (trámite nº 14 do expediente nº 32.692/220, de reclamación dos gastos xudiciais) no cal se sinala que:

“Remitímonos ao noso “informe xeral” do 28-6-2017, e ao que informan os órganos xestores (a Secretaría Xeral do Pleno para as persoas corporativas e o Servizo de Recursos Humanos para os empregados públicos) e, en todo caso, ao térsenos remitido para informe non preceptivo sinalamos o seguinte:

Trátase da defensa e representación no procedemento DP/PA 3890/2013, tramitado polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo e resolto por Auto do 13-9-2017. Aínda que caiba deducirla non consta a firmeza do auto, o que debe acreditarse.

*Entendemos que o feito de que en relación con 23 dos 36 investigados (entre os cales o Sr. ***) se producise o sobresemento da causa, proseguíndoa en relación cos 13 restantes, non ten ningún efecto xurídico para os exonerados, sen prexuízo de que os órganos xestores ou decisorios puideran adoptar outro criterio xeral se o entendesen mais acorde ao interese público concorrente.*

Reiteramos o noso criterio de que o dereito (e aínda o crédito) é o do corporativo ou empregado público á compensación ou reintegro dos gastos.

É o que podemos informar para a tramitación do asunto.”

O recurso de reposición alega, entre outros motivos, a ausencia de consideración do conxunto de factores ou circunstancias concorrentes no traballo da letrada, e xustificándoo esencialmente nos precedentes administrativos de expedientes similares.

O importe orientador de honorarios citado na resolución administrativa recorrida deriva dun informe emitido no expediente 32.479/220, en relación coa solicitude de reintegro de gastos xudiciais doutro funcionario. Se ben o procedemento xudicial é coincidente (dilixencias previas-procedemento abreviado nº 3890/13, seguidas ante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo), existen diferencias salientables en canto as actuacións profesionais desenvolvidas, o número de delitos imputados, entre outros.

Consultada a xestión de expedientes, compróbase que, en relación con este mesmo procedemento xudicial (DP/PA nº 3890/2013, seguido ante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo), tramitáronse outras solicitudes pola Secretaría Xeral do Pleno no caso de persoas corporativas (expedientes nºs 1709/1101, 1883/1101 e 1887/1101).

Examinado o expediente 1709/1101, obsérvase que as intervencións profesionais levadas a cabo son similares. Non ocorre o mesmo cos expedientes administrativos nº 1883/1101 e 1887/1101, nos cales existen intervencións a maiores (recurso de reforma, recurso de apelación...).

No presente suposto, o recorrente xustifica os honorarios nas circunstancias seguintes:

- a extensión no tempo das actuacións,
- a densidade da documentación,
- o resultado final do traballo desenvolvido, pois se ditou polo Xulgado auto de sobresemento provisional en relación coa denuncia presentada e que deu lugar ás dilixencias xudiciais de referencia.



Concello de Vigo

A resposta á consulta formulada por este Concello, así como os acordos de Xunta de Goberno Local existentes nos expedientes referenciados xustifican a procedencia de estimación do recurso presentado, a fin de evitar a desigualdade susceptible de xenerarse pola disparidade de criterios entre dous centros xestores diferentes e independentes entre sí como son a Secretaría Xeral do Pleno -encargada da xestión dos gastos xudiciais dos membros da Corporación Local- e a Área de Recursos Humanos e Formación -centro xestor dos gastos xudiciais susceptibles de xenerarse ao persoal municipal no exercicio das súas funcións públicas-.

Para evitar que este tipo de situacións se xeren a futuro, e no horizonte de mellora na xestión administrativa desta clase de gastos, resulta imprescindible proceder á definición, establecemento e aprobación de criterios reguladores da defensa xurídica e da asistencia letrada tanto dos corporativos municipais como do persoal ao servizo do Concello de Vigo, homoxeneizando criterios e avaliando, para o caso do persoal, a plena efectividade do disposto no artigo 36 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 28/12/1998, que garante a asistencia xurídica e defensa letrada polo Concello de Vigo a todo o persoal nos supostos, termos e condicións do previsto no precepto indicado.

VI.- Procedendo, por tanto, a estimación parcial do recurso presentado en canto ao importe total a aboar, e dado que o importe solicitado polo reclamante ascendía a unha contía de **5.863 euros**, aportándose a tal efecto as respectivas facturas, así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante, concretados na Factura nº 120/15-B da procuradora, de data 12/10/2015 (363,03 euros); minutas de honorarios de avogada: minuta 023/2015-L -provisión de fondos- de data 26/10/2015 (3.080 euros) e minuta nº 2018/209-LU de data 06/04/2008 (2.420 euros); e toda vez que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2019 (expediente nº 32.692/220) se acordou o aboamento dun importe total de **4.779,53 €**, procede o pagamento da diferenza entre ambas contías, que se concreta no importe de **1.083,47 euros**.

VII.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 "Gastos notariais e xudiciais" dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo e preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade da Sra. Concelleira-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal nos termos do establecido en delegacións competenciais formalizadas en Decreto da Excm. Alcaldía e Acordos XGL de datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**, de resultar fiscalizado de conformidade pola Intervención municipal

"PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado en escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 190057723) polo efectivo municipal con nº de persoal 81985 e DNI nº 3*10***8 * solicitando o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado/a- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº

7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, e en consecuencia acordar o aboamento dun importe total de **1.083,47 euros** (diferencia entre o importe efectivamente aboado por orde de pago ORP O-01/04/19-2-ELE e o importe total das facturas presentadas), de conformidade co informe-proposta e informe preceptivo de fiscalización previa, así como coa documentación obrante no expediente electrónico.

SEGUNDO.- Acordar que se proceda ao inicio de expediente tendente á definición e establecemento de criterios reguladores da defensa xurídica e asistencia letrada do persoal municipal, en aplicación do disposto no artigo 36 do Acordo Regulador, aos efectos do cal trasládese o presente acordo á titularidade de Asesoría Xurídica e á Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación para a realización das actuacións oportunas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado/a, Intervención Xeral Municipal e Asesoría Xurídica Municipal aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer unicamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(933).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 15967/331.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 18/10/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.



Concello de Vigo

- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 1 de abril de 2019.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 1 de abril de 2019, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Anuncio de información previa realizado con data 9 de agosto de 2019 no DOUE, referencia 2019/S 153-377219
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 11 de outubro de 2019, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural (que mellora aspectos do realizado con data 2 de setembro, de acordo coas recomendacións da Asesoría Xurídica)
- Memoria xustificativa de data 11 de outubro de 2019, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural (que mellora aspectos das realizadas con data 2 e 27 de setembro, de acordo coas recomendacións da Asesoría Xurídica)
- Informe de data 11 de outubro de 2019, da técnica de Administración Xeral sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 17 de outubro de 2019, redactado polo servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo).

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así

como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnico de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, de acordo co establecido no artigo 156 da LCSP, e polo seu valor estimado está suxeito a regulación armonizada.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Décimo: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal "Xosé Neira Vilas" (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 11 de outubro de 2019, redactado polo Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.



Concello de Vigo

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 17 de outubro de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **591.004,12 €** (cincocentos noventa e un mil catro euros con doce céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 102.570,96 € € (cento dous mil cincocentos setenta euros con noventa e seis céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3321.227.99.10 “Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido”, según o seguinte detalle:

2020 (3 abril-31 decembro)	2021	2022 (1 xaneiro-2 abril)
219.163,00 €	295.502,06 €	76.339,06 €

5º.- Autorizar á mesa de contratación, de conformidade co artigo 326.5 da LCSP, a solicitar, se o estima oportuno, informes técnicos para a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, aos seguintes especialistas na materia relacionada co obxecto do contrato:

- * Inmaculada C. Serrano Plaza, directora Biblioteca Pública “Juan Compañel” de Vigo.
- * Gerardo Marraud González, director Biblioteca Universitaria-Universidade de Vigo.
- * Mariña Fariñas Pérez, axudante de bibliotecas da Universidade de Vigo.

6º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(934).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO, COA “ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA”, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XLII EDICIÓN DOS “PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA”. EXPTE. 2904/330.

Visto o informe xurídico de data 7/10/19 e o informe de fiscalización do 15/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/19 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura e polo concelleiro de orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de rexistro da sede electrónica 18.09.2019 a “Asociación Premios da Crítica Galicia” presenta escrito de solicitude de subvención para a *XLII edición dos Premios da Crítica-Galicia*; por este motivo, con data 23.09.2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 9.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**” é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2019 chegan á súa cuatrixésima segunda edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O acto de entrega de premios da **XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 9 de novembro de 2019.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 18.900 € (dezaoito mil novecentos euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (47,62 %)
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.000 € (37,04 %)
- Deputación de Pontevedra: 2.900 € (15,34 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do presidente
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á **XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “**ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**”, para a organización do *XLII edición dos Premios da Crítica-Galicia*, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril



Concello de Vigo

RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **“ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA”** deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **“ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA”** ten como obxecto financiar a organización do *XLII edición dos Premios da Crítica-Galicia*, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 9.000 €, a favor da dita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **“ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA”** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención polo importe de 9.000 € (nove mil euros) á **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, CIF. G27847839, para o financiamento da XLII edición dos Premios da Crítica-Galicia, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 “SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e á “**ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do XLII edición dos Premios da Crítica-Galicia”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Bieito Ledo Cabido, na súa condición de presidente da ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA (CIF: G27847839) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social en Avenida Florida, 30, planta baixa, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN



Concello de Vigo

*I.- Que a **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2019 chegan á súa cuatrixésima segunda edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de dita actividade e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, concretamente na **XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.14, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, a cantidade de 9.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

*A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver a **XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no presente expediente de aprobación do convenio.*

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 18.900 € (dezaoito mil novecentos euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (47,62 %)*
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.000 € (37,04 %)*
- Deputación de Pontevedra: 2.900 € (15,34 %)*

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

*O acto de entrega de premios da **XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 9 de novembro de 2019.*

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Anxo Xoán Rajó Pazó.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2.Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA



Concello de Vigo

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.



Concello de Vigo

• *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*

- 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 - 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 - 3. Memoria de prensa.*
 - 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 - 5. Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
 - *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
 - *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
 - *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
 - *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



Concello de Vigo

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO XLII EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA

1.- GASTOS:

Edición de material	550 €
Desprazamentos xurado	2.800 €
Xantar entrega de premios	10.750 €
Gastos de recepción	730 €
Presentación acto entrega premios	300 €
Flores acto entrega premios	300 €
Grupo musical acto entrega premios	900 €
Equipo de son e do técnico	800 €
Agasallos acto entrega premios	950 €
Páxina web	820 €
TOTAL GASTOS	18.900 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	9.000 €
Secretaría Xeral de Cultura	7.000 €
Deputación de Pontevedra	2.900 €
TOTAL INGRESOS	18.900 €



Concello de Vigo

23(934).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.